

***Acceso a Ciclos de Grao
Superior***

O. ACENTUACIÓN E PUNTIUACIÓN

A SILABA. DEFINICIÓN E ESTRUCTURA

A silaba é a unidade fonolóxica constituída por un ou varios fonemas (vocálicos ou consonánticos) agrupados entorno a un que é nuclear: /a-ma-sar/, /lei-te/. Cada silaba só ten UN NÚCLEO SILÁBICO, que é necesariamente unha vocal: /sa-l-da/, /ka-u-sa/.

SECUENCIAS DE FONEMAS VOCÁLICOS: DITONGOS, TRITONGOS e HIATOS

1. DITONGOS:

O ditongo é a combinación de dúas vocais /i/ e /u/ átonas con calquera fonema vocálico (que sexa núcleo silábico) dentro DUNHA MESMA SILABA: /a-ni-mais/, /man-dou/, /rei-na-do/, /lin-guis-ta/, /kuar-to/. Dentro dos ditongos distínguese dous grupos:

a) Ditongos **DECRECENTES**: son aqueles que decrecen en abertura, isto é, o formado por unha vocal aberta (/a/), media (/e/, /o/) ou pechada (/i/, /u/) como núcleo silábico, e unha vogal átona pechada (/i/, /u/): /ai-xa/, /ei-te/, /ko-meu/, /es-pa-ñóis/, /lin-guis-ta/

b) Ditongos **CRECENTES**: son os que crecen en abertura, é dicir, o formado por unha vocal átona pechada (/i/, /u/) e unha vocal aberta, media ou pechada como núcleo silábico: /ria-da/, /pie-da-de/, /fe-kuen-tar/, /pio-llor/

2. TRITONGOS:

Son combinacións dun fonema vocálico aberto ou medio, como núcleo silábico, precedido e seguido dun fonema pechado átono, facendo os tres parte **DA MESMA SILABA**. Existe verdadeiro tritongo cando a combinación destas vocais vai precedida de /k/ ou /g/: /a-ve-ri-guei/, /a-de-kuou/.

3. HIATO:

É a secuencia formada por dous fonemas vocálicos abertos ou medios, ou por un fonema vocálico pechado tónico e un fonema aberto ou medio, sendo cada vocal núcleo silábico e indo en **SILABAS DIFERENTES**: /a-é-re-o/, /no-o/, /ra-i-ña/, /mu-i-ño/.

* Nas secuencias de /i/ + /u/, se o segundo elemento é tónico temos un hiato, se é o primeiro o que é tónico, temos un hiato:

Hiato: /ni-úvo/, /ru-i-do/

Ditongo: /fe-ni-ú/, /mu-to/

Estas secuencias seguidas de /k/ ou /g/ sempre son ditongos

A ACENTUACION

1. O ACENTO GRÁFICO

O acento é a maior intensidade e enerxía articulatoria con que se pronuncia unha vocal dunha sílaba. A sílaba que leva o acento chámase **TONICA**, e as demais **ÁTONAS**. Segundo teñan ou non sílaba tónica ou non, as palabras poden ser tamén tónicas ou átonas.

Dentro das palabras tónicas o acento pode estar en calquera sílaba, e segundo sexa o lugar deste, as palabras poden ser **AGUDAS** (se ocupa o último lugar da palabra: mazá, correr, papel), **GRAVES** (se ocupa o penúltimo lugar: fácil, casa, biceps), **ESDRÚXULAS** (se ocupa o antepenúltimo: cárcere, víctima, cdxgas) ou **SOBRESDRÚXULAS** (se o acento vai antes do antepenúltimo lugar: demostrallo, dixonolo).

Son palabras átonas ou sen acento: os artigos (o, a, os, as), as preposicións (de, en, para), as conxuncións (e, nin, ou), os pronomes átonos (me, te, nos, vos, lle), os relativos (que, quen, onde...)

O acento represéntase na escrita por medio dun **TIL**, segundo unha regras determinadas, que marcan o lugar do acento cando é preciso.

2. REGLAS DO ACENTO GRÁFICO:

1. Acentúanse graficamente todas as palabras **AGUDAS** rematadas en: vocal (mazá, así, tabú), vogal + s (mazás, cantarás, civís), vogal + n (pantalón, colocación), vogal + ns (camións, actuacións).

* Non se acentúan graficamente as palabras agudas rematadas en ditongo decrecente: ademais, españos, pensei, morreu, cantou, azuis

2. Acentúanse graficamente as palabras **GRAVES**, só cando non rematan en vogal, en -n, -s, ou -ns: autónobil, fácil, álbum, biceps, climax

3. As palabras **ESDRÚXULAS** e **SOBRESDRÚXULAS** levan sempre acento gráfico: cárcere, lámpada, música, tépedo, dixonolo, contáñollelo

4. En contra da regra xeral levan acento gráfico as vocais /i/ e /u/ tónicas, cando van antes ou despois doutra vocal átona para sinalar que non hai ditongo: aínda, saír, distraído, baúl, súa, destruír

5. Os **PRONOMES DEMOSTRATIVOS** nunca levan acento gráfico: quero este; dáme aquel; non vaías con ese..

6. Non levan acento gráfico os **ADVERBIOS** rematados en **-MENTE**: graficamente, rapidamente..

7. Os **INTERROGATIVOS** e **EXCLAMATIVOS** só levan acento cando pode xurdir o equívoco: Díme que hai / Díme qué hai

8. Non se acentúan os **MONOSILABOS**: e, me, se, si, teu, por.

* Nalgúns casos cando hai dous monosílabos que se escriben igual pero que teñan diferente significado, un deles leva acento gráfico para diferencialos: chámase acento **diacrítico**

2. O ACENTO GRÁFICO DIACRÍTICO:

En contra das regras anteriores, o uso do acento gráfico diacrítico serve para diferenciar palabras que de non usalo se escribirían igual. Emprégase na maior parte dos casos para distinguir:

- a vogal aberta fronte á pechada: pola (galíña) / póla (rama dunha árbore), fora (do verbo ir, ser) / fóra (adverbio)
- a vogal tónica fronte á átona nos monosílabos: é (3ª persoa do verbo ser) / e (conxunción); máis (adverbio de cantidade) / mais (conxunción)

* Palabras que se diferencian polo acento diacrítico:

- | | |
|---|--------------------------------------|
| - á, ás (nomes; prepos. a + artigo a, as) | / a, as (preposición a; artigo) |
| - bóla (nome: esfera pequena) | / bola (peza de pan) |
| - cá (conxunc. comparat.+ artigo a) | / ca (conxunción comparativa) |
| - có (conxunc. comparat.+ artigo o) | / co (preposi. con + artigo o) |
| - cômpre (é preciso, verbo cumprir) | / compre (verb. comprar) |
| - dá, das (presente indic. verbo dar) | / da, das (prep. de + artigo a, as) |
| - dó (compaixón) | / do (preposición de + artigo o) |
| - é (presente indic. verbo ser) | / e (conxunción copulativa) |
| - fóra (adverbio de lugar) | / fora (pluscuamp.indic. v. ser, ir) |
| - máis (adverbio de cantidade) | / mais (conxunción adversativa) |
| - nó, nós (nome; lazo) | / no, nos (prep en + artigo o, os) |
| - nós (pronome persoal tónico) | / nos (pronome persoal átono) |
| - ó, os (preposi. a + artigo a, as) | / o, os (artigos) |
| - óso (peza do esqueleto) | / oso (animal) |
| - pé (extremidade humana) | / pe (nome da letra) |
| - póla (nome: rama da árbore) | / pola (galíña; prep. por + art. a) |
| - pólo (extremos do eixo da terra) | / polo (galo; prep. por + art. o) |
| - pór (infinitivo v. pór) | / por (preposición) |
| - présa (premura de tempo) | / presa (presada; adx.: prendida) |
| - sé (sede eclesiástica) | / sei (conxunción; pronome) |
| - só (adx.: ningún máis; adverbio) | / so ("debaixo de") |
| - vén, vés (presente v. vir) | / ven, ves (presente v. ver) |
| - vós (pronome persoal tónico) | / vos (pronome persoal átono) |

Repara nas seguintes OBSERVACIÓNS:


1. As formas verbais que levan acento diacrítico mantéñeno cando van seguidas dunha forma átona do pronome persoal (ou en caso de empregar a segunda forma do artigo, cando van seguidas deste): élle, dáo, dálle, véio comprar (dá-la boa nova)
2. O infinitivo do verbo pór (variante de poñer) márcase con til diacrítico, pero non os seus derivados: dispor, compor, repor, supor...

As regras de acentuación

Volvo aos meus estudantes. Non é que se lles esqueza poñer un acento aquí ou acolá. (¿A quen non se lle escapa un acento?). É que sistematicamente colocan o acento nas palabras que non o levan. Funciona entre o alumnado unha regra maldita dos acentos: na dúbida poñer til...

Coñezo a moi distinguidos catedráticos de universidade, especialistas no seu, que non se avergoñan ao recoñecer que descoñecen as regras dos acentos, que son as de maior fixeza no idioma. Por qué non dedican unha tarde a aprendelas, é un feito que marabilla e suspende o ánimo.

Amando DE MIGUEL. La perversión del leguaje.



Coloca no entrecellado as palabras observando o acento prosódico.

E X E R C I C I O S

1. Explica por qué razón deben ou non deben levar acento gráfico as seguintes palabras. Pónllelo ás que o precisen: *piñeirai, carcere, abandonar, todolos, irmas, andou, miudo, lostrego, ler, magoa, sair, album, triceps, inutilmente, sua, automobil, baul, distraido, man, deu, chamarana, este, ainda, aquel.*

2. Pon os acentos gráficos que falten nas seguintes frases:

- | | |
|---|---|
| — <i>Deunolo cando collemo-lo libro.</i> | — <i>O mercores ten que distribuir eses papeis.</i> |
| — <i>O equipo de hockey ten deficit.</i> | — <i>Facilmente tera uns vinte millóns de pesetas.</i> |
| — <i>Ti colle-lo coche e vas ali.</i> | — <i>Aquela cadela esta moi distraida.</i> |
| — <i>A rainha facia moito ruido.</i> | — <i>¿Sabes quen chamou por teléfono?</i> |
| — <i>Tiña motivos persoais para non sair da sua casa.</i> | — <i>Non estudie- la leccion de memoria.</i> |
| — <i>¿Quen esta aí parado na rua?</i> | — <i>Collemolo porque nos saiu no monte cando iamós para ala.</i> |
| — <i>Aquel exercicio era facil de facer.</i> | |

3. Pon os acentos que falten no seguinte texto:

«Xoan pillou un día un paxaro na gandara e meteuno dentro dunha gaiola, ala na solaina da sua casa. —¿Cantara ou non cantara? —preguntabase—. Se cantase, gustaríame que cantase coma un xilgaro. Xoan tivera de cativo un xilgaro. Era tan cantor, que ata un día cantou a Marcha Real en si menor. Logo morrera de amores.

Mais aquel paxaro que Xoan pillarà na gandara non tiña cor de paxaro cantor. Era gris, cos ollos azuis e a mirada distraida; ademais, moi miudo. Cando o seu pai o ollou, dixolle abraiado:

—¡Ceibao! E o mellor que podes facer por el e por nos. Ese paxaro e do mais ruín e vaiche dar todolos desgustos do mundo. Non se parece a ningún dos que eu vin neste noso país.

Xoan amolouse un pouco, mais perseverou co seu animalíño. Xa lle tiña apego a aquel paxaro sen nome. Non facía ruido ningún, e menos cantaba. Soamente ceibaba de vez en vez un pequenísimo asubio moi difícil de oír.

Xoan observabao a cotío. Coidaba del e botaballe grans de trigo e avea.

—¿Comes ou non come-los grans? —preguntaballe—. ¡Tes que comelos!

O paxaro asubiaba moi baixiño e non comía.»

1. Pon os acentos gráficos diacríticos nas seguintes frases:

- Dis que e igual, mais non e igual e non cho repito mais. As miñas irmás danlles de comer as polas. O teu pai foi o muiño e túa nai a herba. Non nos dixo o que quería e nos non llo preguntamos. ¿Díxovos a vos o que quería? A nos, non. Non ves unha pola pola pola daquela árbore. Será ben mellor que non te achegues o cabalo. Non me das nada da túa horta. Comezaron a xogar as cartas pola mañá e remataron as tantas. Fixo un no con fío no dedo. Ven logo. ¿Non ves que se non ves a hora quedas sen cea? Este libro e mais alto e mais grosso co teu. El dá todo a quen llo pide.

2. Acentúa graficamente o seguinte texto:

«Ameaceino cunha vara ben mais grande co pao que tiña el na man, e non lle importou. Compre ter moita mais forza ca el para abatelo, senon non e nada. Vos non vos dades de conta, mais pouco lle faltou para botarme fora da tenda. Estaba como tolo e nos quedamos ali coma parvos, distraídos, en vez de sair correndo. Non e como vos pensades. Antonio, aínda que e pequeno, e moi rexo e cando se pon tan mal, non lle doe o corpo con castigo ningún. Eu fun ali porque a miña nai sempre quere que compre as ferramentas na tenda de Rosario. Mellor sería que lle dese o recado as miñas irmas. Antonio nunca se mete coas mulleres. So e cos homes. Logo tirou o pao, saiu pola porta para fora, colleu unha pola seca de carballo e con toda a presa do mundo comezou a bater no mostrador todo o que quixo.»

B) SIGNOS DE PUNTUACIÓN

1. Aplica as regras do uso da COMA ás frases da dereita, de modo que debes poñer o número que lle corresponda:

1	elementos dunha serie	Alberte espérote na cafetería.
2	oración subordinada anteposta á principal	De me faceres ese favor quedaríache agradecido.
3	vocativos	Compramos o ordenador a mesa e a impresora.
4	incisos aclaracións	Estivo preparando o traballo pero non lle saíu ben.
5	elipse do verbo	Este coche compreino en Vigo, o vello en Pontevedra.
6	conxuncións adversativas curtas	Comprendo en efecto que actúaras tan bruscamente.

2. Esolle as regras de uso e coloca convenientemente a coma:

- O tempo segundo parece vai empeorar.
- No supermercado compramos fritas variadas: ameixas peras mazás e bananas.
- Papá non te esquezas dos alicates.
- Nada máis chegar á porta atopéino.
- Quixen saír de vacacións pero o traballo non mo permitiu.
- A inmobiliaria vendeu tres apartamentos en Baiona e en Sanxenxo dous.

3. Aplica as regras do uso do PUNTO E COMA ás frases da dereita, de modo que debes poñer o número que lle corresponda:

1	detrás dun trozo extenso de frase na que xa se teña utilizado a coma	Ana ten tres anos, Manuela catro as demais non sobrepasan esas idades.
2	entre frases que indiquen feito e consecuencia	Non lle fixemos caso pero as referencias que ifiamos eran inmejorables.
3	ante conxuncións adversativas longas	Tiña que gañar preparou a carreira con moito coitado.
4	entre frases que expresen dous aspectos diferentes dunha mesma idea	Fixose todo o posible non se podería facer máis.

4. Usa as regras do exercicio 3 e coloca convenientemente o punto e coma:

- Disparou dun xeito claro e decidido non podía fallar.
- Quixo defenderse pero todas as testemuñas se lle puxeron en contra.
- Mostraba unha forza inusitada lanzaba ós seus oponentes con desesperación.
- Os toxos eran bravos as carqueixas imponentes os piñeiros despreñían o arume por todo o val.

5. Aplica as regras do uso dos DOUS PUNTOS ás frases da dereita, de modo que debes poñer o número que lle corresponda:

1	antes dunha cita textual	Galicia ten catro provincias A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
2	antes dunha enumeración	As letras do abecedario son de xénero masculino. Verbigracia o be.
3	despois de fórmulas documentais como «expón», «certifico», etc., ou dos saúdos das cartas	Foi Rosalía quen escribiu "Adios ríos, adios fontes"
4	despois das expresións «por exemplo», «a saber» ou outras semellantes	Estimado amigo Acabo de recibir a túa carta...
5	antes dunha oración que sexa unha conclusión ou exprese a causa do que se afirma na anterior	Non hai como facer deporte mantente en forma.

6. Fai o mesmo exercicio, agora aplicado ó uso dos PUNTOS SUSPENSIVOS:

1	antes de citar algunha palabra dun parágrafo longo	"E sen dicir outra verba () e foise diante de todos, escaleira abaixo" (Cousas de Castelao).
2	para sinalar a continuidade dunha enumeración	Dubidaba en facelo, pero non mellor sería rematar.
3	para indicar as interrupcións do falante	Fixo o mesmo en abril, en maio, en xuño
4	para marcar a supresión de palabra, ben sexa por sobreentenderse ou para propiciar a reacción do lector	Aqueelas foron as súas derradeiras verbas "lamento despedirme".
5	para suprimir pasaxes de texto (deben ir entre corchetes)	Esperaba gañar o premio, pero

7. Confronta as frases interrogativas do cadro I coas do cadro II e coloca nestas últimas os SIGNOS DE INTERROGACIÓN cando foren necesarios:

I	II
¿Lembras aquela festa?	Estoume preguntando qué facer para evitar ese conflito.
Non sei se te lembrás daquela festa.	Cando sae o avión
Eu faríao, pero ¿que pensarán de min?	Ata cando aguantaría, como resistiría
Eu faríao, pero preocupárame o que pensen de min.	Viña moi esperto, pero o suficiente
¿Chegou ben?, ¿está contento?	Sabería facelo

8. Fai o mesmo para aplicar os SIGNOS DE ADMIRACIÓN:

I	¡Vén!, ¡corre! ¡Cantas che levou! ¡É posible que no derradeiro minuto metese un gol! Estaba todo tranquilo e de repente ¡zas! recibiu unha labazada.	II	Ai, que perdemos o tren. Oxalá o consiga Quen non o faría Que moda, que prezos
---	---	----	---

9. Observa o uso da RAJA e completa os exercicios:

substitúe á paréntese en aclaración de datos	Os reis - Isabel e Fernando - marcharon a Granada.	Foron os dous Ana e Henri- que os culpables do asunto.
empégase para marcar os diálogos	—¿Onde vas? —¿Non esperarás que te crea? —contestoulle Carlos sorprendido. —¡Cala por Deus! —dixo Gonzalo—. ¡Que estás dicindo!	Foi cando comentou: Os tempos son chegados, non te preocupes. Os tempos son chegados comentou, non te preocupes. Os tempos son chegados, non te preocupes comentou.

10. Observa o uso das ASPAS ou COMILLAS dobres (" ") ou angulares ($\langle \rangle$) e pon cada exemplo co seu número correspondente:

1	mencionar capítulos ou partes dunha obra	Castilla del Pino xa escribira que "pensar, falar, escribir, actuar" son catro momentos gradativos da conducta humana.
2	marcar expresións ou palabras	"Unha proba da tenura de Rañolas" constitúe o capítulo XII de <i>Os dous de Sempre</i> .
3	marcar citas	Fíxoo con moito "coitado" para non magoalo.

11. Coloca a DIÉRESE cando corresponda:

AVERIGUEDES
ESGUELLO
ARGUIREMOS
PROSEGUIR
ANTIGUIDADE

MOIAMOS (imperf. de indic.)
ÁGUEDA
TRAIAMOS (pres. de subx.)
UNGUENTO
LINGÜÍSTICA


13. Emprega os signos ortográficos nos seguintes fragmentos:

- 13.1.**
Polo verán durante a sesta o avo puña escola na galería. Todas as tardes rodeabamos o vello sofá de vimbo onde el cabeceaba. Tan pronto nos sentía deixaba o seu sofá e abría o reloxo de cadea que levaba prendido na lapela para que aprendesemos as horas coa agulla de ouro e o tic-tac nas orellas.
- A lección do avo comprendía o mundo enteiro porque daquela o mundo estaba todo ao pé da cristaleira o monte e o mar de lonxe os rumores da auga no muiño as voces das xentes na horta a cor marea das ameixas xaponesas os recordos que el tiña de Cuba e os nomes dos membros do corpo humano.
- Esta lección duraba sempre ata que pasaba o tren da Coruña pola vía paralela ao noso muro. O pitir do tren chamaba a recreo e os meus irmans cando o oían precipitábanse a dicirle adeus e logo saían correndo en procura de merenda.
- Eu agardaba que cesase a música do tren nos rais e mais que nada agardaba que esmorecese o fume do vapor da máquina pois tiña medo do fume negro...
O avo contábanos contos lianos versos e respondía infindamente as preguntas infindas que nos lle faciamos.
- Meu avo, ¿como e o pensamento?
—O pensamento e como o fume do ferrocarril.
- Unha tarde os meus irmans facían as contas. Eu delectreaba.
—Meu avo ¿non e un M o que marcan as líñas da palma da man?
—E si miña filla. E o sinal da morte que levamos todos.
- Enton pasou o tren da Coruña que meus irmans saudaban botando un fume negro. Por primeira vez equinme con eles e mireino cara a cara.
Tamein nos como o pensamento eramos esmorecentes.
- (Carmen Panero, *Diario do mimo*)

14. Aplica os signos de puntuación ás seguintes frases:

- Se vés cedo poderemos pasear.
Ernesto o amigo de Alberte estudia medicina.
Quixo sobresaír en todo pero non o conseguiu.
O pai da noiva é dicir Xoán chegou tarde.
Meu fillo gastaches todo o aforrado.
En Melide comprou catro automóviles e en Ferrol tres.
Paréceme compañeiro que non tes razón.
Levaba un pantalón azul, sucio e roto un saco que algunha vez foi roupa.
Unha grande claridade fixo que me erguese saltei da cama e busquei a causa.
O día estaba estupendo aínda que algúns partes meteorolóxicos anunciaban tronada.
Paz difeiro traballo e amor esa é a verdadeira felicidade.
As irmás de Rodrigo Clara e Ester chegan o domingo.
Voiveri cedo dixó ó marchar, non te preocupes.

Durante un ataque os tres compañeiros camiñaron xuntos falando deste ou daquel episodio da batalla baixaron pola porta rota e pasaron polos túmulos dos caídos na fraxa de herba que había ó lado do camiño ata que chegaron ó Dique de Helmo e miraron para a Engruba xa se cruzá alí a Lomba da Morte negra alba e pedregosa e podíase ver claramente a herba tri-pada e calcada polos Cuornos os brunos e moitos homes das gornicúas do Burgo traballaban non Dique nos campos ou ó redor das murtetas murallas sen embargo parecía reinar unha estraña tranquilidade como se un val esgotado descansase tras unha violencia traboada



Puntúa as seguintes frases e pon as maiúsculas que faltan:

Era unha noite infernal estaba só e medoriento non había máis que tronos o vento soaba nos eucaliptais con forza. Esa película que ti viches onte será moi boa como ti dis con todo a min non me gustou. Como di Descartes penso logo existo. Chovía a Deus dar non sabía onde meterme menos mal que chegades ti co coche salvéme dunha boa. Se dixos que vira virá non espero outra cousa del. Iso será axuda. Ten unha fortuna superior ós 1 250 000 000 millóns de pesetas. Xa sabe-lo refán que di ó que madrugue Deus o seguinte nin sen ti teñen os meus males remedio logo calou. Iso home si! Tes escotado foi falar del moitas veces é fillo de Agustín o de Xeve el confesete a ti perfectamente. Estaban todos os avós os pais os fillos os netos. El vír ten que vir pero non quedará moito tempo conosco. Ilmo Sr. Rector como está Vde meu vello amigo? Se non están conformes con iso que o digan nós non imos face-las cousas en contra da opinión deles.

Pon os puntos e as comas que faltan no seguinte texto:

«D Xiso vivía fronte por fronte da nosa casa era un vello alto enxoiro elegante sempre de chaqueta gris e gravata lembroo subir pola nosa rúa nas mañás dos domingos cando vira de merca-lo xornal no quíso co Maria eran pasos firmes lentos coa cabeza erguida mentres saudaba levemente coa man dereita os veciños que cruzaba ben me acordá a súa voz aínda que só o oín falar unha vez miña nai díxala que fora moitos intentos D Xiso meiguilloume nunha bañeira de auga moi fría ante os ollos atóntos do meu pai aquel baño recordámoo agora papá e mamá a cada paso cando fago algo mal e se enfadan: —Non atóngades de pequeno e voure atógar eu agora!»

Pon as comas que faltan nas seguintes frases:

A película era boa pero algúns detalles non me gustaron. Con todo-eu non creo iso que dis con tanta seguridade. Isto é ideal é dicir o mellor que me podía pasar. Mentres estes aquí fai o que che digo. A data da carta poñer Pontescedra 25 de agosto de 1945. Todo aquilo era moi estrano para nós e o Xoán quería marchar. Cando escribas pon ben as comas ou virgulas. Conseguiron mil puntos sen embargo non se clasificaron. A peza que estaba derramada foi substituída. Henrique moi bo alumno ganounos ás bólas. Tiña tódolos xoguetes do mundo: billar futbolín máquinas... Os alumnos que vivían lonxe non viñeron hoxe. Estaba enfermo non durmía non comía non atopaba acougo. Se isto segue así estamos apanados. En proba de que era verdade ensinóuno-la carta.

"Amolar" e "encher".

Un amigo meu ensiname a diferenza entre amolar e encher amolar é isto é telefonar para unha oficina calquera da cidade si pór favor quémeme poñer co deñón Pereira aquí non hai ningún Pereira de aí á algúns minutos marcas de novo con Pereira por favor señor (señora) aquí non traballa ningún Pereira pero non é o número tal é pero aquí nunca houbo ningún Pereira mais en cinco minutos marcas o mesmo número por favor o Pereira xa chegou estás parvo ou que non che dixen xa que o demo do Pereira ese nunca traballou aquí pois non o entendo porque el díxome que traballaba aí non amoles de aí a dez minutos marcas de novo escoite unha cousa o Pereira non deixou polo menos un recado o outro desta vez esquece a presenza da mecánografía e di cousas impublicables ata aquí é amolar para encher esperas pasar dez minutos máis e marcas de novo bo día con quen fallo eu son Pereira non chamou ningún preguntando por min:

Carta de amor(es).

Esta é a historia de tres irmás namoradas dun mesmo galán. As mozas, ante as dúbidas deste en elixir compañeira, pedronlle que se decidise por unha das tres. O galán, daquela, entregou a cada unha un papel idéntico contendo o texto que segue, sen sinais de puntuación. Cada unha delas, lendo os sinais axelados, convenceuse de ser a preferida do dubitativo amante. Finalmente, este, pola súa banda, presentoulles unha cuarta interpretación, na cal aseguraba non amar a ningunha delas.

Puntúa ti cada unha das versións da carta segundo os intereses de cada un dos personaxes.

Carta de Sol: "Digo que amo a Sol non a Xulia, cuxa bondade persoa humana non ten non aspira o meu amor a Irene que non é pouca a súa beleza".


Carta de Xulia: "Digo que amo a Sol non a Xulia, cuxa bondade persoa humana non ten non aspira o meu amor a Irene que non é pouca a súa beleza".

Carta de Irene: "Digo que amo a Sol non a Xulia, cuxa bondade persoa humana non ten non aspira o meu amor a Irene que non é pouca a súa beleza".

Carta do galán: "Digo que amo a Sol non a Xulia, cuxa bondade persoa humana non ten non aspira o meu amor a Irene que non é pouca a súa beleza".

A semántica

O curso pasado vimos que a palabra (ou signo lingüístico) se descompón en dúas partes básicas: *significante* e *significado*.



A disciplina que se ocupa do estudo do **significado** é a **semántica**. Ás veces, unha palabra pode resultar ambigua, é dicir, pode ser difícil determinar o seu significado exacto, xa que o **contexto lingüístico** ou a **situación** en que aparece o aclara.

— **Observa** o que di a persoa do debuxo, que non sabemos quen é. A palabra **defensa** resulta, neste caso, ambigua.



— **Repara** agora en como se clarifica a mensaxe se ampliamos o **contexto lingüístico** ou a **situación** en que esta se produce.

<p>Contexto A: <i>Cambiarei a defensa. Luís xogará de central.</i></p> <p>Situación A: Fala un adestrador/a durante un partido de fútbol. defensa → 'disposición dos xogadores que se ocupan de defender en certos deportes'</p>	<p>Contexto B: <i>Cambiarei a defensa e os faros, que están rotos.</i></p> <p>Situación B: Fala un mecánico/a que está a reparar un automóbil. defensa → 'parte do automóbil, na parte frontal ou traseira, que o protexe de golpes e rozaduras'</p>	<p>Contexto C: <i>Cambiarei a defensa; se non, perderemos o xuízo.</i></p> <p>Situación C: Fala un avogado/a durante un xuízo. defensa → 'conxunto de argumentos e probas alegados nun xuízo para defender un acusado'</p>
---	---	---

Repara...

Podemos delimitar **contexto lingüístico** e **situación** do seguinte xeito:

Contexto lingüístico: conxunto de voces que acompañan unha palabra e que axudan a aclarar o seu significado.



Situación: circunstancias extra-lingüísticas en que se produce unha mensaxe (¿quen fala?, ¿con quen?, ¿onde?...).

As relacións semánticas

O contexto lingüístico e a situación poñen de manifesto que a **relación entre *significado* e *significante* non sempre é biunívoca**. Por exemplo: acabamos de ver que a un mesmo **significante** (*defensa*) lle corresponden varios **significados**. As diferentes posibles relacións entre **significados** e **significantes** reciben o nome de **relacións semánticas**: *sinonimia*, *antonimia*, *polisemia*, *homonimia*...

Sinonimia

— **Observa** este esquema.




Cando, coma no caso anterior, dous **significantes** distintos (*enfermidade* e *doenza*) teñen un **mesmo significado**, dáse a relación semántica de **sinonimia**.

Son moi poucos os casos de **sinonimia absoluta**, xa que normalmente o contexto ou a situación provocan pequenas diferenzas entre as palabras sinónimas. Falamos entón de **sinonimia párcial**. Por exemplo, *rico* e *saboroso* son sinónimos parciais, porque nuns contextos teñen o mesmo significado (*Onte preparei un guiso ben rico = Onte preparei un guiso ben saboroso*) e noutros non (*Tocoulle a lotaría e hoxe é un home rico ≠ Tocoulle a lotaría e hoxe é un home saboroso*).

Antonimia

— **Repara** neste gráfico.



! oposición !

No exemplo anterior vemos dúas palabras (*entrar* e *saír*) que teñen **significados opostos**. Establécese entre elas, daquela, unha relación semántica de **antonimia**.

Repara...

Adoitan relacionarse coa **sinonimia** os conceptos de **hiponimia** e **hiperonimia**. Nestes casos, en lugar de identidade entre **significados**, o que se dá é unha *xerarquia* entre eles.

• **Hiperonimia.** O significado de *déporte* inclúe o de *fútbol*. É unha relación do xeral ó particular.

déporte > fútbol

• **Hiponimia.** O significado de *caravel* está incluído no de *fior*. É unha relación do particular ó xeral.

caravel < fior

Repara...

A **antonimia** pode ser:

• **Complementaria.** A negación dunha das palabras é a afirmación da outra.

vivo - morto (vivo = non morto / morto = non vivo)

• **Gradual.** Os termos opostos admiten outros intermedios: *quente - frío* (entre eles está *morno, fresco*...)


• **Reciproca.** Un termo supón, necesariamente, a existencia do outro:

pai - fillo (se A é pai de B, B é fillo de A)



Polissemia


— Presta atención a este esquema.



Neste exemplo, a **un mesmo significante (pata)** correspondénlle **varios significados** (ou acepcións). Dáse entón a relación de **polissemia**. Unha palabra polisémica ten unha única entrada nos dicionarios.

Homonimia

— Observa este esquema.



Neste caso, temos dúas **palabras distintas** (como vemos polas súas orixes) que casualmente **coinciden no seu significante (chocar)**. Esta relación recibe o nome de **homonimia**. As palabras homónimas teñen entradas independentes nos dicionarios.

Actividades

10. Asocia cada palabra da primeira serie cun sinónimo da segunda.

alegre - Decerco - contar
amontar - cadea - doado
esperar - fiestra - descansar
amosar - baño - apesstar

mostrar - aseo - cárcere
narrar - xanela - ledo
amoroar - feder - xato
reposar - fácil - acordar

— Seleccióna, entre os pares formados, dous que se aproximen á sinonimia total e outros dous nos que a sinonimia sexa parcial. Xustifica a túa resposta.

11. Localiza na sopa de letras os hiperónimos e os hipónimos que indicamos.

Hiperónimos de

parcial <
pereira <
calto <
vermello <

Hipónimos de

mes >
froita >
sabor >
ferramenta >

A	C	H	U	E	M	A	Z	Á	O
M	A	R	T	E	L	O	X	R	A
P	I	N	F	O	Z	C	A	B	L
U	E	Ó	I	M	U	X	O	O	S
D	S	A	L	G	A	D	O	R	A
O	M	I	S	P	R	E	S	E	T

12. Asocia agora os antónimos destas dúas series e indica despois, razoadamente, que tipo de antonimia se dá en cada par. Emprega un esquema coma o que propoñemos.

avó - pequeno - acceso - alto
calar - ano - vender - dentro

apagado - comprar - neo - criado
grande - baixo - fóra - falar

Palabras antónimas	Tipo de antonimia			Xustificación
	Complementaria	Gradual	Recíproca	
.....

13. Indica se as palabras destacadas nestas oracións son polisémicas ou homónimas. Xustifica a túa resposta con esquemas coma os da páxina anterior.


- Cortada esa tábua coa **serra**.
- Esta **serra** ten os montes máis altos do país.
- Iluminaron a cova cunha **tea**.
- Esa **tea verde** é perfecta para facer o meu vestido.
- O **paaxaro** que ves naquela ponla é un **peto**.
- Perdín as moedas porque teño un furado no **peto**.
- Carlos Núñez é hoxe unha **estrela** da música folk.
- Esa **astrónoma** descubriu unha nova **estrela**.
- No museo vimos o **trono** do rei Afonso VI.
- Aquel **trono** soou tan forte que eu xa non durmín.
- Din que este coche pode **rodar** a 250 km/h.
- Anón **Reixa** está a **rodar** un novo filme.
- Eu sei ben cal de vós dixo a verdade.
- En Andalucía adoitan branquear as casas con **cal**.
- Na **caixa** do supermercado cobráronme de máis.
- Garda os teus zapatos novos nesa **caixa**.

O campo semántico

Xa vimos na unidade anterior que o signo lingüístico se compón de dúas partes: o *significante* e o *significado*.

O significado das palabras pode ser descomposto en *trazos significativos mínimos* que reciben o nome de **semas**.


— **Repara** con atención en como analizamos o significado das palabras *automóbil*, *motocicleta* e *bicicleta*.



automóbil

automóbil = 'vehículo' | 'con tracción por motor' | 'de catro rodas'


sema 1 sema 2 sema 3



motocicleta

motocicleta = 'vehículo' | 'con tracción por motor' | 'de dúas rodas'

sema 1 sema 2 sema 3



bicicleta

bicicleta = 'vehículo' | 'con tracción humana' | 'de dúas rodas'

sema 1 sema 2 sema 3

Repara...

Como vemos, na **semántica** é posible desenvolver unha análise de unidades mínimas, os **semas** (*automóbil* = 'vehículo' | 'con tracción por motor' | 'de catro rodas'), igual que faciamos na **morfología**, onde tamén se distinguían unidades mínimas, os **monemas** (*amiga* = *amig-* «lexema» + *-a* «*morfema de xénero*»).


As palabras anteriores teñen semas que establecen diferenzas entre elas, como 'con tracción por motor' / 'con tracción humana', 'de catro rodas' / 'de dúas rodas'. Mais tamén comparten todas elas un sema común: 'vehículo'.

O grupo de palabras que comparten un mesmo sema constitúe un **campo semántico**. É dicir, un campo semántico é o conxunto de palabras que se reparten unha mesma área de significado. As palabras anteriores forman parte do «campo semántico dos vehículos».

Análise do campo semántico

Os estudos da semántica desenvolveron un método de análise que permite analizar, polo miúdo, a estrutura interna dos campos semánticos. Este método consiste, basicamente, en crear unha táboa de dobre entrada introducindo nas filas (horizontais) as palabras do campo semántico e nas columnas (verticais) os semas. Logo, márcase cada recadro con + ou con - segundo as palabras posúan ou non es sema.

— **Observa** o seguinte exemplo deste tipo de análise co «campo semántico dos asentos».




	sema 1 'asento'	sema 2 'con patas'	sema 3 'con respaldo'	sema 4 'con brazos'	sema 5 'para unha persoa'	sema 6 'con oscilación'
cadeira	+	+	+	+ / -	+	-
butaca	+	+	+	+	+	-
sofá	+	+	+	+	-	-
banqueta	+	+	-	-	+	-
banco	+	+	+ / -	-	-	-
mexedor	+	-	+	+	+	+

Segundo este mesmo modelo, desenvólvense as análises de moitos outros campos semánticos: os fenómenos meteorolóxicos, os períodos de tempo, as relacións de parentesco...

A familia léxica

As palabras que forman o léxico dunha lingua tamén poden ser agrupadas no que se denomina *familias léxicas*. Estas non deben ser confundidas cos campos semánticos que acabamos de estudar.

— Repara nas relacións que se establecen entre estas palabras.



As palabras anteriores están construídas a partir da palabra simple *terra*; é dicir, todas elas comparten o lexema *terr-*. Os grupos de palabras que, coma no caso anterior, *comparten un mesmo lexema* forman unha familia léxica.

Como acabamos de ver, non é o significado senón a morfoloxía das palabras o que determina a estrutura dunha familia léxica: a partir dunha palabra simple (ou primitiva) xorde outra serie de voces que comparten o seu mesmo lexema. As novas palabras poden estar formadas polos procedementos de *derivación*, *composición* ou *parasíntese*, que nós xa estudamos o curso pasado.

Derivación lexema + morfema derivativo (prefijo ou sufixo) <i>dente</i> → <i>dentista</i> (<i>dent-</i> + <i>-ista</i>) <i>moral</i> → <i>immoral</i> (<i>in-</i> + <i>-moral</i>)
Composición lexema + lexema <i>motor</i> → <i>motoseerra</i> (<i>moto-</i> + <i>-serra</i>) <i>rúa</i> → <i>bellarrúa</i> (<i>beira-</i> + <i>-rúa</i>)
Parasíntese lexema + lexema + sufixo (combinación de derivación e composición) <i>campo</i> → <i>centrocampista</i> (<i>centro-</i> + <i>camp-</i> + <i>-ista</i>) <i>América</i> → <i>norteamericano</i> (<i>norte-</i> + <i>-ameríc-</i> + <i>-ano</i>)

Adóitase facer unha clasificación das familias léxicas en *regulares* e *irregulares*:

- As familias léxicas regulares son aquelas nas que todas as súas palabras presentan o mesmo lexema sen variación. Por exemplo: *lamber*, *lambón*, *relamber*, *lambecel*...
- As familias léxicas irregulares son aquelas nas que, por razóns históricas, o lexema presenta variacións. Por exemplo: *lúa*, *aluar*, *lunático*, *lunar*...

actividades

8. Completa os significados de cada palabra cos semas axetivados da seguinte serie.

'parente' - 'para dúas persoas' - 'para porer por riba da camisa' - 'desde lonxe' 'moi espíñoso' - 'do pai ou da nai' - 'sen mangas' - 'próximo á casa'	semas
--	-------

- 'tándem = 'vehículo' con tracción humana 'de dúas rodas'
- 'cumán = 'fillo' 'do irmán ou da irmá'
- 'horta = 'terro de cultivo' 'de pequeno tamaño'
- 'abiscar = 'ver' 'sen distinguir ben'
- 'silva = 'arbusto silvestre' 'que dá amoras'
- 'chaleco = 'peza de vestir'

9. Identifica o campo semántico destes grupos de palabras e sinala a palabra allea a cada un.

barco - teléfono - avión - tren - automóbil	Campo semántico	Palabra allea
pantal - xilgato - paporrubio - morcego - mello
poldro - embigo - año - cordeiro - bacorño
pálpebra - úmero - sacro - cábalo - fémur

10. Reconece os campos semánticos ós que pertencen estas palabras e logo clasifícalas.

<i>eslamiado</i> - <i>tritura</i> - <i>doce</i> - <i>trade</i> - <i>desaparafusador</i> - <i>lustró</i> - <i>agre</i> - <i>serra</i>	Campo semántico	Campo semántico	Campo semántico
<i>salgado</i> - <i>semestre</i> - <i>envexa</i> - <i>tenacos</i> - <i>carraxe</i> - <i>semana</i> - <i>ledicia</i> - <i>seculo</i>
.....
.....

11. Por parellas, facede a análise do «campo semántico dos fenómenos atmosféricos con auga» de acordo co modelo visto na páxina 191. Seguidе estas indicacións.

- Construíde a táboa de dobre entrada. As palabras do campo serán: *néboa*, *orbala*, *chuvia*, *neve* e *zarabala*. Os semas serán: 'fenómeno atmosférico con auga', 'gasoso', 'líquido', 'sólido', 'molla', 'duro'.
- Completade a táboa cos signos + ou - segundo conveña. Podedes consultar algún dicionario se o precisades.
- Contrastade a vosa táboa coa feita por outras parellas. Cortixide o que sexa preciso.

12. Coas mesmas parellas da actividade anterior, creade familias léxicas a partir destas palabras simples. Sinalade o procedemento de creación de cada palabra nova: derivación, composición ou parasíntese.


fume - xeo - noite - brazo

— Indicade, razoadamente, se se trata de familias léxicas regulares ou irregulares.

Composición

— Observa como se forma unha palabra por composición.

Lexema moto(r) + Lexema serra = Palabra composta motoserra



Como acabas de comprobar, a **composición** consiste na formación dunha palabra nova a partir da unión de dous lexemas distintos.

As palabras compostas poden estar formadas por combinacións de diferentes categorías gramaticais: substantivos (subs), adxectivos (adx), verbos (v), adverbios (adv)... Por exemplo:


- beira (subs) + mar (subs) = *beiramar* (subs)
- papo (subs) + rubio (adx) = *paporrubio* (subs)
- bule (v) + bule (v) = *bulebule* (adx)
- parar (v) + augas (subs) = *paraugas* (subs)
- mal (adv) + san (adx) = *malsán* (adx)

Nalgúns casos, cando os dous lexemas que forman a palabra composta conservan o seu propio acento, colócase un guiño entre eles. Por exemplo: *político-económico, galego-portugués...*


Parasíntese

— Repara en como está formada unha palabra mediante o procedemento de parasíntese.

Lexema para(r) + Lexema caí(a) + Sufixo -ista = Palabra parasintética paracaidista



Vemos que a **parasíntese** consiste na combinación dos procedementos de **composición** e **derivação**. Deste xeito, as palabras parasintéticas adoitan estar formadas por dous lexemas e un morfema derivativo (normalmente un sufixo): *galegofalante (galego + falar + -nte), malpensado (mal + pensar + -ado)...*



actividades

11. Localiza na sopa de letras nove palabras compostas. Indica a categoría gramatical de cada unha e tamén a categoría dos elementos que as compoñen.

DO	PES	EN	TAS	AL	SO	BA	SA
CEM	GAR	LA	VA	LOU	ZA	LON	CA
MAL	BRE	DA	GO	XOU	RI	MAN	RRO
A	HU	CAM	PO	SAN	TO	EN	LLAS
LI	DEU	MOR	IR	BEI	RA	RRU	A

lavalouza (substantivo) = lavar (verbo) + louza (substantivo)

12. Forma palabras parasintéticas relacionando axeitadamente estes lexemas e sufixos.

Lexema	Lexema	Sufixo	Palabra parasintética
bota(r)	arde(r)	-ado
balón	Améric(a)	-eiro	→ <i>botafumeiro</i>
centro	fum(e)	-nte
auga	cest(o)	-ano
mal	ví(a)	-ista
ferro	humor	-ario

13. Completa estas cadeas de palabras derivadas. Indica logo os cambios de categoría gramatical e de significado que os diferentes sufixos provocaron.

Palabra simple	Palabra derivada	Palabra derivada
nome	→ nomear	→ nomeamento
civil	→	→
.....	→ individual	→ imaxinación
sentir	→	→

14. Identifica neste texto unha palabra simple, unha derivada, unha composta e unha parasintética. Analiza logo a estrutura de cada unha.

O señor Lamote baixaba case tódolos días, ó remate da súa derradeira clase de chairego, ata a estación de ferrocarril.
El gustaba de ver a xente que viña no tren e tamén de fixarse nos que marchaban, para xogar a adiviñárlle-lo destino.
Entrou na plataforma ó mesmo tempo que chiaban os freos do expreso, berriban os altofalantes e a xente toda estaba xa dereita e moi inqueda.
Paco Martín, *Das cousas de Ramón Lamote* (adaptación)

Formación de palabras

Na unidade anterior vimos as partes que conforman a estrutura da palabra. As palabras coa estrutura máis sinxela son as que se compoñen unicamente por un lexema e morfemas constitutivos (xénero, número...); Por exemplo: *nena* (*nen-* + *-a*). Estas palabras reciben o nome de **palabras simples**.

En galego é posible crear novas palabras a partir do lexema dunha palabra simple. Os tres procedementos básicos de formación de palabras son: *derivación*, *composición* e *parasíntese*.

Derivación

— Observa estes exemplos de palabras formadas por derivación.

Prefixo	Lexema	Sufixo	Palabra derivada
trans-	+ Atlántico		= transatlántico
	flor	+ -eiro	= floreira
su-	+ real	+ -ismo	= surrealismo

Como acabamos de ver, o procedemento da **derivación** *consiste en engadir morfemas derivativos (ben prefixos, ben sufixos) a unha palabra simple*.

Os **prefixos** van *antes do lexema* e, aínda que cambian substancialmente o significado da palabra orixinal, nunca alteran a súa categoría gramatical (substantivo → substantivo; verbo → verbo...).

guerra → *posguerra* *coller* → *recoller*
 substantivo substantivo verbo verbo

A maior parte dos nosos prefixos teñen orixe grega e latina.

— **Copia** estes cadros sobre prefixos no teu caderno e **completalos** con outros exemplos que ti coñezas.



Alguns prefixos de orixe grega		
Prefixo	Significado	Exemplos
a-, an-	negación	atípico...
anti-	oposición	antirebota...
hiper-	por riba de	hiperrealista...
hipo-	por baixo de	hipotenso...
macro-	grande	macroenquisa...
micro-	pequeno	microbus...
neo-	novο	neoclásico...
poli-	moitos	poliglota...

Alguns prefixos de orixe latina		
Prefixo	Significado	Exemplos
ante-	anterioridade	anteproxecto...
bi-, bis-	dous	bisavó...
in-, in-, i-	negación	infeiz...
pos-, post-	despois de	posguerra...
pre-	antes de	prehistoria...
re-	repetición	recoller...
su-, sub-	debaixo de	subdirector...
tras-, trans-	a través de	transatlántico...

Os **sufixos** van *despois do lexema*. Os sufixos tamén cambian substancialmente o significado da palabra orixinal pero, a diferenza dos prefixos, poden mudar a súa categoría gramatical (substantivo → adxectivo; verbo → substantivo...).

xeito → *xeitoso* *comer* → *comedor*
 substantivo adxectivo verbo substantivo

Tamén a maioría dos sufixos galegos teñen orixe grega e latina.

— **Copia** agora estes cadros sobre sufixos e **completalos** cos significados ou cos exemplos en cada caso.

Alguns sufixos de orixe grega		
Sufixo	Significado	Exemplos
-alxia	cefalalxia
-cida	que mata
-filia	bibliofilia
-fobia	odio
-ite	inflamación
-logo	expiólogo
-oide	semellante
-teca	videoteca

Alguns sufixos de orixe latina		
Sufixo	Significado	Exemplos
-ame	velame
-doiro	lugar
-dor	labrador
-ento	ter calidade de
-lugo	que foxe
-ismo	galeguismo
-oso	ter calidade de
-voro	herbívoro

actividades

9. Segmenta estas palabras derivadas nos seus constituintes (lexema, prefixos e sufixos). Sigue o modelo resolto.

bisílaba - insecticida - amoral - neoclasicismo - dentame - aparcadoiro - indecoroso

bisílaba: *bi-* (prefixo) + *silaba* (lexema)

— Indica a orixe e o significado de todos os prefixos e sufixos identificados.

10. Moitos sufixos poden ser agrupados por compartiren un mesmo significado. Repara nos sufixos destacados nestas palabras e clasifícalos polo seu significado (ofrece a forma masculina e feminina).

zapateiro - aluminado - lugués - folaxe - ourensán - miradoiro - xeitoso - liaquí
 boticario - colombiano - dentista - contraría - arxentino - chorón

Sufixos que expresan				
Profesión	Lugar	Xentilicio	Colectivo	Adxectivo caracterizador
-eiro/-eira...

8. Fai o mesmo para aplicar os SIGNOS DE ADMIRACIÓN:

I	II
¡Véni, ¡corre! ¡Cantas che levoul! ¡É posible que no derradeiro minuto metese un goi! Estaba todo tranquilo e de repente ¡zas! recibiu unha labazada.	Ai, que perdemos o tren. Oxalá o consiga Quen non o faría Que moda, que prezos

9. Observa o uso da RATA e completa os exercicios:

substitúe á paréntese en aclaración de datos emprégase para marcar os diálogos	Os reis —Isabel e Fernando— marcharon a Granada. —¿Onde vas? —¿Non esperarás que te crea? —contestoulle Carlos sorprendido. —¡Cala por Deus! —dixo Gonzalo—. ¡Que estás dicindo!	Foron os dous Ana e Henri- que os culpables do asunto. Foi cando comentou: Os tempos son chegados, non te preocupes. Os tempos son chegados comentou, non te preocupes. Os tempos son chegados, non te preocupes comentou.
---	---	--

10. Observa o uso das ASPAS ou COMILLAS dobres (" ") ou angulares (« ») e pon cada exemplo co seu número correspondente:

1	mencionar capítulos ou partes dunha obra	Castilla del Pino xa escribira que "pensar, falar, escribir, actuar" son catro momentos gradativos da conducta humana.
2	marcar expresións ou palabras	"Unha proba da tenrura de Rañolas" constitúe o capítulo XII de <i>Os dous de Sempre</i> .
3	marcar citas	Fíxoo con moito "coidado" para non magoalo.

11. Coloca a DIÉRESE cando corresponda:

- AVERIGUEDES
 ESGUELLO
 ARGUIREMOS
 PROSEQUIR
 ANTIGUIDADE
 MOIAMOS (imperf. de indic.)
 ÁGUEDA
 TRAIAMOS (pres. de subx.)
 LINGUENTO
 LINGÜÍSTICA

13. Emprega os signos ortográficos nos seguintes fragmentos:

13.1.

Polo veran durante a sesta o avo puña escola na galería. Todas as tardes rodeabamos o vello sofo de vimbio onde el cabeceaba. Tan pronto nos sentía deixaba o seu soño e abría o reloxo de cadea que levaba prendido na lapela para que aprendesemos as horas coa agulla de ouro e o tic-tac nas orellas.

A lección do avo comprendía o mundo enteiro porque daquela o mundo estaba todo ao pé da cristalreira o monte e o mar de lonxe os rumores da auga no muíño as voces das xentes na horta a cor marela das ameixas xaponesas os recordos que el tiña de Cuba e os nomes dos membros do corpo humano.

Esta lección duraba sempre ata que pasaba o tren da Coruña pola vía paralela ao noso muro. O pilar do tren chamaba a recreo e os meus irmáns cando o oían precipitábanse a dicirlle adeus e logo saían correndo en procura de merenda.

Eu agardaba que cesase a música do tren nos rais e mais que nada agardaba que esmorecese o fume do vapor da máquina pois tiña medo do fume negro...

O avo contábanos contos lianos versos e respondía infidamente as preguntas infidas que nos lle faciamos.

- Meu avo, ¿como é o pensamento?
- O pensamento é como o fume do ferrocarril.

Unha tarde os meus irmáns facían as contas. Eu deletreaba.

- Meu avo ¿non é o M o que marcan as liñas da palma da man?
- É si miña filla. É o sinal da morte que levamos todos.

Enton pasou o tren da Coruña que meus irmáns saudaban botando un fume negro.

Por primeira vez erguínme con eles e mireino cara a cara. Tamén nos como o pensamento eramos esmorecentes.

(Carmen Panero, *Diario do mimo*)

14. Aplica os signos de puntuación ás seguintes frases:

Se véés cedo poderemos pasear.

Ernesto o amigo de Alberte estudia medicina.

Quixo sobresaír en todo pero non o conseguiu.

O pai da noiva é dicir Xoán chegou tarde.

Meu fillo gastaches todo o aforrado.

En Meilite comprou catro automóviles e en Ferrol tres.

Paréceme compañeiro que non tes razón.

Levaba un pantalón azul, sucio e roto un saco que algunha vez foi roupa.

Unha grande claridade fixo que me erguese saltei da cama e busquei a causa.


O día estaba estupendo aínda que algúns partes meteorolóxicos anunciaban tronada.

Paz diñeiro traballo e amor esa é a verdadeira felicidade.

As irmás de Rodrigo Clara e Ester chegan o domingo.

Volverei cedo dixo ó marchar, non te preocupes.

Durante un anaco os tres compañeiros camiñaron xuntos falando deste ou daquel episodio da batalla baixaron pola porta roza e pasaron polos túmulos dos caídos na franxa de herba que había ó lado do camiño ata que chegaron ó Dique de Helmo e miraron para a Engroba xa se erguía alí a Lomba da Morte negra alta e pedregosa e podíase ver claramente a herba trizada e calcada polos Cuornos os brunos e moitos homes das gornicións do Burgo traballaban non Dique nos campos ou ó redor das matriñas murallas sen embargo parecían reinar unha estraña tranquilidade como se un val esgozado descansase tras unha violencia treboada



Puntúa as seguintes frases e pon as maiúsculas que faltan:

- Era unha noite infernal estaba só e medoñento non había máis que tronos o vento soaba nos eucaliptais con forza. Esa pellicula que ti viches onte será moi boa como ti dis con todo a min non me gustou.
- Como di Descartes penso logo existo. Chovia a Deus dar non sabía onde meterme menos mal que chegaches ti co coche salveime dunha boa. Se dixos que viría virá non espero outra cousa del. Iso será como ti dis non obstante eu abstíñome de opinar. Xa sábello refrañ que di ó que madruga Deus o axuda. Ten unha fortuna superior ós 1 250 000 000 millóns de pesetas. O que dixos textualmente foi falar del moitas veces á filla de Agustín o de Xeve el cñectete a ti perfectamente. Estaban todos os avós os pais os fillos os netos. El vir ten que vir pero non quedará moito tempo conosco. Ilmo Sr Rector ¿Como está Vde meu vello amigo? Se non están conformes con iso que o digan nós non imos facelas cousas en contra da opinión deles.

Pon os puntos e as comas que faltan no seguinte texto:

«D Xao vivía fronte por fronte da fiosa casa era un vello alto enxouto elegante sempre de chaqueta gris e gravata lencbroo subir pola nosa rúa nas mañás dos domingos cando viña de merca-lo xornal no quitoso de Maria eran pasos firmes lentos coa cabeza eriguida mentres saudaba levemente coa man dereita os veciños que cruzaba ben me acordaba a súa voz aínda que só o oín falar unha vez miña nai díxala que fora bo médico e que a min salvárame de morrer cando nadín o parecer eu non quería respirar e despois de moitos intentos D Xao mergulloume nunha bañeira de auga moi fría ante os ollos atórtidos do meu pai aquel baño recordámno agora papá e mamá a cada paso cando fago algo mal e se enfadan:—Non atogaches de pequeno e vouste afogar eu agora!»

Pon as comas que faltan nas seguintes frases:

- A pellicula era boa pero alijns detalles non me gustaron. Con todo-eu non creio iso que dis con tanta seguridade. Isto é ideal é dicir o mellor que me podía pasar. Mentres estas aquí fai o que che digo.
- A data da carta poñía: Pontevedra 25 de agosto de 1945. Todo aquilo era moi extraño-para nós e o Xoán quería marchar. Cando escribas pon ben as comas ou virgulas. Conseguión mil puntos sen embargo non se clasificaron. A peza que estaba derramada foi substituída. Henrique moi bo alumno ganounos ás bólas. Fíña tódolos xoguetes do mundo: biliar fútbol máquinas... Os alumnos que vivían lonxe non vivían hoxe. Estaba enfermo non durmía non comía non atopaba acougo. Se isto segue así estamos apañados. En proba de que era verdade ensinouno-la carta.

“Amolar” e “encher”.

Un amigo meu ensiname a diferenza entre amolar e encher amolar e isto ti telefonas para unha oficina calcueta da cidade si por favor quereime poñer co deñor Pereira aquí non hai ningún Pereira de aí á alguns minutos marcas de novo con Pereira por favor señor (señora) aquí non traballa ningún Pereira pero non é o número tal é pero aquí nunca houbo ningún Pereira mais en cinco minutos marcas o mesmo número por favor o Pereira xa chegou estás parvo ou que non che dixen xa que o demo do Pereira ese nunca traballou aquí pois non o entendo porque el díxome que traballaba aí non amoles de aí a dez minutos marcas de novo escolle unha cousa o Pereira non deixou polo menos un recado o outro desta vez esquecé a presenza da mecanógrafa e di cousas impublicables ata aquí é amolar para encher esperas pasar dez minutos mais e marcas de novo bo día con quen falo eu son Pereira non chamou ningún preguntando por min.

Carta de amor(es).

Esta é a historia de tres irmás namoradas dun mesmo galán. As mozas, ante as dúbidas deste en elixir compañeira, pedíronlle que se decidise por unha das tres. O galán, daquela, entregou a cada unha un papel idéntico contendo o texto que segue, sen sinais de puntuación. Cada unha delas, porido os sinais axertados, convenceuse de ser a preferida do dubitativo amante. Finalmente, este, pola súa banda, apresetíoulles unha cuarta interpretación, na cal aseguraba non añar a ningunha delas.

Puntúa ti cada unha das versións da carta segundo os intereses de cada un dos personaxes.

Carta de Sol: "Digo que amo a Sol non a Xulia cuxa bondade persoa humana non ten non aspira o meu amor a Irene que non é pouca a súa beleza".

Carta de Xulia: "Digo que amo a Sol non a Xulia cuxa bondade persoa humana non ten non aspira o meu amor a Irene que non é pouca a súa beleza".

Carta de Irene: "Digo que amo a Sol non a Xulia cuxa bondade persoa humana non ten non aspira o meu amor a Irene que non é pouca a súa beleza".

Carta do galán: "Digo que amo a Sol non a Xulia cuxa bondade persoa humana non ten non aspira o meu amor a Irene que non é pouca a súa beleza".




O substantivo

— Repara nos seguintes exemplos de substantivos e nos trazos que os caracterizan.

Exemplos	Características
nena, gato, mesa, alegría...	Significado: o substantivo designa toda clase de realidades; <i>persoas, animais, cousas, sentimentos...</i>
nen-/a	Forma: o substantivo componse de <i>lexema (nen-)</i> e <i>morfemas (-a)</i> .
esa nena DET N	Función: o substantivo actúa como <i>núcleo dunha frase nominal</i> .

Tipos de substantivos

Tendo en conta as realidades que designan os substantivos, podemos establecer unha clasificación en: *comúns, propios, concretos, abstractos, individuais e colectivos*.



O xénero do substantivo

Como sabes, as marcas de xénero no substantivo son o masculino e o feminino. Non obstante, non todos os substantivos se comportan do mesmo xeito respecto do xénero.

- **Substantivos con dous xéneros** (masculino e feminino) en correspondencia co sexo (macho e femia): *rapaz/rapaza, gato/gata...*

Reglas	Masculino	Feminino
Os masculinos que rematan en <i>-o</i> ou <i>-e</i> , cambian estes por -a no feminino.	neno, xefe	nena, xefa
Os masculinos que rematan en <i>vogal tónica</i> ou en <i>consoante -l, -r, -s</i> ou <i>-z</i> , engaden -a no feminino.	avó, xeneral, autor, fregués, rapaz	avoa, xenerala, autora, freguesa, rapaza
Os masculinos que rematan en <i>-n</i> , engaden -a ou perden o -n no feminino.	bailarín, irmán	bailarina, irmá
Substantivos que presentan lexemas distintos no masculino e no feminino.	home, cabalo	muller, besta (ou egua)
Substantivos que engaden un morfema derivativo (sufixo) para formar o feminino.	emperador, galo	emperatriz, galiña
Substantivos sincréticos , que só distinguen masculino e feminino polo determinante.	o artista, o mártir	a artista, a mártir
Substantivos epicenos , que marcan masculino e feminino engadindo as voces macho ou femía .	sapo macho	sapo femía


- **Substantivos con único xénero** (masculino ou feminino) sen correspondencia co sexo: o *libro*, a *paz*, o *leite*, a *mesa*... De todos os xeitos, podemos determinar o xénero dalgun dos substantivos pola súa terminación.

Reglas	Exemplo	Excepción
Os rematados en <i>-axe</i>	(a) paisaxe, (a) viaxe...	(o) traxe, (o) garaxe, (o) paxe, (o/a) personaxe
Os rematados en <i>-se</i>	(a) parálise, (a) crise...	(o) labor, (o) humor...
Os rematados en <i>-or</i>	(a) dor, (a) suor...	
Os rematados en <i>-ite</i>	(a) gastrite, (a) farinxite...	
Os rematados en <i>-ote</i>	(o) lote, (o) pote...	(a) glote, (a) litote
Os rematados en <i>-ume</i>	(o) costume, (o) lume...	(a) servidume, (a) mansedume...

Por outra parte, debemos lembrar que son **masculinos** en galego substantivos como *nariz, leite, cárcere, couce, mel, sal, sangue, sinal, ubre*; e son **femininos** en galego outros como *árbore, arte, auga, carne, orde, orixe, pantasma, ponte, sentinela*.

O número do substantivo

Segundo o seu número, o substantivo pode estar en **singular** (cando indica un só ser) ou **plural** (cando indica varios seres). As variacións no número (de singular a plural) prodúcense do seguinte xeito.




Actividades

9. Clasifica os seguintes substantivos segundo a realidade á que se refiren. Sigue o exemplo resolto.

	Copular	Figural	Concreto	Abstracto	Indefinido	Seleccionado
equipo	X					X
salvedor				X		
gibrense						
finóp						
plumaxe						

10. Oree o substantivo colectivo que corresponde a cada individual e o individual que corresponde a cada colectivo.

Individuais	Colectivos	Individuais	Colectivos
uva	ato	barco	cardume
castiñeiro	esqueleto	abelia	constelación
porco	exército	illa	rapazada
actor	rabafío	moble	xente
	orquestra		



11. Á vista do estudado nesta unidade, copia estas listaxes no teu caderno indicando o xénero de cada un dos substantivos.

o sangue	marxe	leite	dote	suor
manz	ponte	sal	calor	costume
traxe	cor	fel	dose	servidume
arte	orixe	énfase	labor	bronquite
larinxite	legume	orde	dor	garaxe
análise	peaxe	homenaxe	chantaxe	cárcere

12. Forma o plural correcto dos seguintes substantivos tendo en conta as distintas posibilidades vistas na unidade.

candil - miel - señor - tren - paraxol - festival
 lel - póster - martes - cónsul - mandil - nanz

Engaden -s	Engaden -es	Mudan -l por -is	Mudan -l por -s	Sincréticos
.....

— Indica a regra que afecta a cada caso.

13. Reescribe estas oracións no teu caderno corrigindo todos os erros que afectan ó xénero ou ó número dos seus substantivos.

- A miña irmána di que os exames finais das materias de Sociais e Historia do Arte foron fáctis.
- O máis bonito daquel viaxe foi contemplar os chamativos cores do arco da vella.
- Os ladrones roubaron varios aneles e a policía dixu que axiña estarán na cárcere.
- Este foi o orde de chegada: os piragüistas alemás chegaron de primeiro e os españois de segundos.
- O helicóptero de rescate acudiu á cume da montaña polas sinales de socorro dos montañeiros.
- Gustárame eses cores azules que pintaches cos lápis que che regalai.
- Poñede os mandilés que vos del se non vos queredes manchar coa leite e coa miel.
- Por parellas, comprobade que as vosas oracións teñen todas as correccións precisas.

RECUNCHOS

1. Completa o cadro:

SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
cónsul		cívís	
	socials	misil	
	atóns	lei	
cadriil		papeis	
avó		luns	

2. Pon as palabras que faltan:

MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO
	muradá	cubano	
cabalo		ladrón	madrasta
xudeu	urbana	tsar	
	nora		ovella

3. Completa cada oración coa palabra máis axeitada das que se dan ó final:

- En Galicia temos moitos monumentos de arte románico-románica
 Cada costume que aparece asusta as persoas maiores. novo-nova
 Bastantes sinais no chan non se ven moi ben. pintados-pintadas
 Botádelle sal á ensalada. goso-grosa
 Pon énfase cando fala da Literatura Galega. moito-moita
 Se queres ser alpinista, vertixe vai ser o teu inimigo. este-esta
 Deixa marxe no teu traballo de Sociats. o-a
 Sara ten sorriso e cara alegre. amplo-ampla
 Antes ó casar, era preciso dote. bonito-bonita
 O analista fai análise no sanatorio. bo-boa
 Cando te alporizas botas fel polos ollos. clínico-clínica
 amargo-amarga

4. Escribe o feminino das seguintes palabras:

MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO
cirurxián		cofián		ullán	
testán		cristián		vilán	
burelao		sultán		charlatán	
mentirán		marinão		malsán	
alemán		dezao		cortesán	

6. Busca un exemplo para cada caso:

- Masculino rematado en -a feminino en -isa
 Masculino rematado en -e feminino en -esa
 Masculino rematado en -r feminino en -triz
 Masculino rematado en -ón feminino en -esa

10. Completa o cadro coma no exemplo:

SINGULAR PLURAL EXPLICACION DA FORMACION DO PLURAL

+ s, porque remata en vocal.

eiras	
vexetal	
chan	
animal	
infantil	
espacial	
dedal	
compás	
gardalama	
control	
parasol	
porco teixo	
mércores	
misil	
zulu	
cadeira de frade	
fiel	

5. Completa coas palabras do recadro. Observa que ó cambiar o xénero, cambia o significado:

- Se parto leña miúda utilizo pero se parto
 leña grossa é mellor
 travesas e painzos e se é pequena chámanse
 Trouxo da América.
 Sabe moi ben en que pé lle aperta de Galicia é Santiago de Compostela.
 Todas as aldeas de Galicia teñen a súa
 A roda de diante frea moi mal porque ten gastada
 Temos un
 sementado de patacas.

6. Escribe **M** se é masculino e **F** se é feminino:

- leite tonelaxe costume
 sinal orixe carraxe
 garaxe suor ponte
 análise nariz cume
 labor dor sangue

PARTICULARIDADES DO XÉNERO

- Son femininos os rematados en -axe, menos garaxe, lixeira, perso, nove e poxe, e os rematados en -ite, -se e -ade.
- Xeralmente son masculinos:
 Os rematados en -l, menos catelal, mural, cal (canle).
 Os rematados en -or, menos a dar, a cor, a suor, a flor.

O	N	Á	L	E	T	S
N	Á	Z	A	G	L	E
L	E	S	A	G	L	E
I	D	T	O	N	G	T
Z	A	R	M	S	T	F
U	R	L	D	E	N	S
B	L	T	A	N	A	M
A	N	O	N	A	R	O
V	R	L	A	D	R	A
S	C	I	D	A		

Busca na sopa de letras dez substantivos masculinos e escribe despois o seu feminino.

O artigo

— Observa con atención esta táboa que resume as características máis importantes do artigo como clase de palabra.

Exemplos	Características
o can un can	Significado: o artigo carece de significado léxico e só presenta ou identifica un substantivo.
as (a- + -s) nenas os (o- + -s) gatos	Forma: o artigo componse só de morfemas gramaticais de xénero (a-, o-) e de número (-Ø-, -s).
o castelo DET N	Función: o artigo exerce a función de determinante (MOD) do núcleo dunha frase nominal.

Tipos de artigos

Hai dous tipos de artigos: os **determinados** e os **indeterminados**.

- **Artigos determinados:** son aqueles que presentan un substantivo como coñecido ou xa mencionado ou determinado.

Vin o can pola rúa.

art. determinado (enténdese que xa se coñece ese can)

Formas dos artigos determinados	Singular	Plural
Masculino	o (lo)	os (los)
Feminino	a (la)	as (las)

- **Artigos indeterminados:** son os que presentan un substantivo como non coñecido nin determinado, nin mencionado anteriormente.

Vin un can pola rúa.

art. indeterminado (enténdese que non se coñece ese can)

Formas dos artigos indeterminados	Singular	Plural
Masculino	un	uns
Feminino	unha	unhas

As contraccións dos artigos

Os artigos determinados e indeterminados contraen con algunhas preposicións (Ela foi ao/ó teatro; Miña nai vén do traballo; Meu irmán está a xogar coa pelota...). Tamén poden contraer coa conxunción comparativa ca (O teu cuarto é maior **ca** meu).

Contraccións de artigos con preposicións e con ca

o	a	os	as
a	ao/ó	á	aos/ós
con	co	coa	cos
de	do	da	dos
por	polo	pola	polos
ca	có	cá	cós
un	unha	uns	unhas
de	dun	dunha	dunhas
en	nun	nunha	nunhas
con	cun	cunha	cunhas

- 9. Copia estas oracións no teu caderno introducindo en cada oco o adxectivo que conveña da seguinte serie. Debés usalos no xénero e no número que conveña.

municipal - hugallán - chinés - san - cru
catalán - feliz - urbano - infantil - cotián

- Aqueles gardas prohibían a entrada dos coches no centro
- Ás miñas amigas non lles gusta traballar: parecen sendo unhas
- En Barcelona, a capital, xóganse uns importantes campionatos de fútbol.
- A comida que lles dan de forma ós tigres do zoolóxico é carne
- A nena que adoptou miña irmá é moi alegre e está

- 10. Identifica todos os adxectivos deste texto. Logo indica en que grao se atopa cada un.

Do antigo Palacio-Fontaleira dos Condes de Andrade, en Pontevedra, soamente se conserva (pero en moi bo estado) a torre da homenaxe, construída no século XV por Fernán Pérez de Andrade.

Esta torre é de planta cadrada e ten unha altura de 18 metros. Na súa fachada principal hai un escudo labrado en granito no que se unen os brasóns das familias Andrade e Lemos.

Este torión de Pontevedra non é tan alto como outros que podemos atopar en toda a xeografía galega, pero si é, se cadra, o máis fermoso exemplo de arquitectura militar da Idade Media en Galicia.



- 11. Combina cada substantivo co adxectivo que mellor lle acaia. Razoa en cada caso se se trata de adxectivos especificativos ou explicativos.

substantivos
sangue - coche - neve
arte - canción - pedra

adxectivos
branca - dura - románica
vermello - deportivo - alegre

- 12. Le estas oracións ás que lles faltan os artigos. Reescribas logo no teu caderno poñéndolles os artigos determinados ou indeterminados segundo conveña. Xustifica as túas respostas.

- Apareceu por alí señor que preguntou por ti. Eu díxenlle que marcharas para túa casa.
- Irmán de Antón dixo que día ía dicir toda verdade.
- Alcalde díxonos que axiña inaugurarán piscina municipal que nos prometera.
- Eu quería fotografar catedral de Santiago, pero pasou por diante turista e estragoume foto.

- 13. Crea cinco oracións onde exemplifiques o uso da segunda forma do artigo (lo, la, los, las).

— Transforma logo estas oracións nas equivalentes coa primeira forma.

Repara...

Uso na escrita da segunda forma do artigo determinado (lo, la, los, las)

É de uso opcional

Sen guión, despois da preposición por (vai polo camiño) e, con guión, despois do adverbio u (¿u-lo libro?).

É de uso opcional

Con guión, despois de verbos rematados en -r e -s (¿collé-las toallas?), dos pronomes átonos nos, vos e lles que van tras verbos (fíxenvo-la carne) e dos pronomes tónicos nós e vos seguidos de número (nó-los dous).

Sen guión, despois de tras, ambos/as, entrambos/as e todos/as (trei alá tódolos días),

Lembra...

O ARTIGO

• O artigo presenta o substantivo indicando o mesmo tempo o xénero e o número.

ARTIGO DETERMINADO			
MASC.	FEM.	OS/OS	AS/LAS
SING.	PLUR.	OS/OS	AS/LAS
ARTIGO INDETERMINADO			
MASC.	FEM.	UN	UNHA
SING.	PLUR.	UNS	UNHAS

2. **Cambia os artigos determinados por indeterminados nas seguintes oracións:**
Os amigos de Pedro van ó teatro.—Busca o libro e o diccionario.—As cascos das danne noxo.

3. **Explica a diferenza de significado das seguintes expresións:**

- a) "Cadeira de frade".
- b) "A cadeira de frade".
- c) "Unha cadeira dun frade".
- d) "A cadeira do frade".
- e) "Acusación de roubo".
- f) "Acusación dun roubo".
- g) "Acusación do roubo".

- a)
- b)
- c)
- d)
- e)
- f)
- g)

4. **Completa o cadro coas contraccións do artigo:**

PREPOSICIONS	OS/O	ALA	OS/OS	AS/LAS
EN				
A				
DE				
TRAS				
POR				
CON				
▼ CONXUNCIÓN				
CA				

5. **Escribe correctamente as seguintes oracións. (O artigo non se colocou ou está colocado de forma incorrecta).**

Mandouno o avó a a caixa con a cartilla de aforros.—Antón chega en seu coche moi cedo de a oficina.—Outono é mas de a vendima.—Van vir para verña que vén ou se non para inverno.—Tras a porta está meu gabañ e teu abrigo novo.—O este meu parangas non serve cando hai moito vento.—O meño preguntou con os ollos azuis moi abertos.—Meu avó coñeceu algúns de noos escritores.—¡A miña casa ardeul!—Escolla, o meu amigo, que che digo.

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

USOS DO ARTIGO DETERMINADO

- O artigo sempre precede o posesivo agás nos seguintes casos:
 1. En vocativos e exclamativos. Ex.: meu caba-lor.
 2. Se o posesivo vai precedido de demostrativo ou indefinido. Ex.: este meu fillo.
 3. Cus nomes de parentesco pódese suprimir o artigo. Ex.: meu tío, meu teño.
 4. Pódese omitirse en frases feitas. Ex.: nomes de alicumes, en xeral van precedidos de artigo. Ex.: o Miñagallinas.
- Os nomes das estacións do ano van xeralmente precedidas de artigo menos se equivalen a un adverbio ou a un adxectivo calificativo. Ex.: As datas e número de século van precedidos de artigo. Ex.: o Rexurdimento deuse no XIX.

6. **Completa o cadro das contraccións do artigo indeterminado.**

	UN	UNHA	UNS	UNHAS
EN				
DE				
CON				

7. **Relaciona cada oración co uso do artigo indeterminado:**

- a) Probei a marmelada, unha marmelada marabillosa. adxectiva
- b) Elisa ten uns corenta anos. resalta
- c) Estas feito un Colmeiro. xeneraliza
- d) Collomos un libro na biblioteca. aproxima

8. **Explica os valores dos artigos nas seguintes oracións:**

- O que hai que ver.
- O porco é un mamífero de catro patas.
- Moito me doe a cabeza.
- O quilo de sardiñas vai a corenta pesos.
- O cine entreteñ moito.
- Traño as orelas moi coloradas.
- Hoxe perdín a carteira.
- O que aí che traen.
- Vehen sendo dezaseis quilos o terrado.

VALORES DO ARTIGO DETERMINADO

- **ENFÁTICO:** cando queremos destacar algo no enunciado. Ex.: o que hai que ver.
- **XENÉRICO:** cando acompañamos o substantivo para facer referencia a toda a especie ou clase. Ex.: a lebre é comedora.
- **DISTRIBUTIVO:** dáase cos substantivos de pesos e medidas; artigos que indican a todos os membros do conxunto. Ex.: o libro a cen pesetas.
- **POSESIVO:** se o substantivo precede a oración que forma parte da propiedade do individuo. Ex.: púsen o pé no molinado.

9. **Completa as oracións poñendo os artigos, preposicións e contraccións que sexan precisas:**

- seu can atopou praia miña chaqueta vella.
- Non collas libro de socias, nin collas cademo.
- Cambiamos mesa de sitio porque sol comalle o vermiz.
- Se vós dous queredes eu fágovos debuxo do libro.
- Tras túas palabras adviño algo de sorna.
- Vál casa e tráenos debuxos que fixemos excursión.
- Mañá tarde imos comercio e mercados pantallón novo.
- veces é mellor calar, nós dous nunca estamos de acordo.
- Todos martes temos clase.
- mañá once irei visitar teu curmán hospital.
- can grande?
- Fomos eu e mais fillo señor Miguel.
- O bodel tomounos pelo porque nos falamos toas.

USO DAS SEGUNDAS FORMAS DO ARTIGO

- O uso das segundas formas do artigo e opositivo excepto con por (tralo, trala, tralos, tralas).
 - Podemos usar as segundas formas (ON GUION: -LO).
 - a) Despois de iniciativo e das formas: comegadas rematadas en -s menos: con participios.
 - b) pronomes enclíticos: -nos, -vos e -lles.
 - c) pronomes tonicos nós e vós.
 - d) Despois dos adverbios u, eis.
- SEN GUION
- a) Despois de: todos, ambos, entramos e os seus familiares.
 - b) das preposicións por e tras.
 - c) da conxunción (e) mais.

O adxectivo

— Repara neste cadro sobre os trazos caracterizadores do adxectivo.

Exemplos	Características
cabalo rápido fanecas frescas	Significado: o adxectivo expresa unha calidade ou característica do substantivo ó que acompaña.
rápid/-o fresc/-as	Forma: o adxectivo componse de lexema (rápid-, fresc-) e morfemas de xénero e número (-o, -as) que concordan cos do substantivo.
cabalo rápido N MOD	Función: o adxectivo actúa como modificador (MOD) do núcleo dunha frase nominal.

O xénero e o número do adxectivo

O adxectivo compórtase no xénero dun xeito moi semellante ó substantivo, visto na unidade anterior. Así, temos dous grupos.

- Adxectivos con dúas terminacións (unha para masculino e outra para feminino): *rápido/rápida, bo/boa, chinés/chinesa...*
 - Adxectivos dunha soa terminación (a mesma para masculino e feminino): *valente, forte, veloz, medieval...*
- Con todo, convén ter en conta algunhas particularidades dos adxectivos en canto ó xénero.

Adxectivos con:

Terminacións -án/-á. Son adxectivos patrimoniais (*insán/insá, artesán/artesá...*) e algúns xenilicios galegos (*ferrolán/ferrolá, ourensán/ourensá...*) e tres xenilicios non galegos (*catalán/catalá, alemán/alema e afgán/afgá*).

Terminacións -án/-ana. Son os adxectivos que indican calidades negativas (*mentirán/mentirana, lacazán/lacazana, paspán/paspana...*).

Terminacións -ano/-ana. Son os adxectivos cultos (*urbano/urbana, humano/humana...*) e moitos xenilicios non galegos (*asturiano/asturiana, italiano/italiana, colombiano/colombiana...*).

Outras terminacións: *xudeu/xudía, vacún/vacúa, andaluz/andaluza, melidao/melidá...*

En canto ó número, os adxectivos seguen as mesmas regras de formación do plural dos substantivos (páx. 54): *claro/claros, mentirán/mentiráns, cortés/corteses, audaz/audaces, mol/moles, útil/útiles, orixinal/orixinais, infantil/infantís...*

Graos do adxectivo

O adxectivo pode expresar a calidade do substantivo en diferentes niveis de intensidade, denominados **graos**. Estes son o *positivo*, o *comparativo* e o *superlativo*.

- **Grao positivo.** Expressa a calidade sen comparala nin intensificala.
Ese cabaleiro é valente.
- **Grao comparativo.** Expressa unha calidade establecendo unha comparación entre dous elementos. Pode ser de tres tipos:
De inferioridade: *Ese cabaleiro é menos forte ca aquel.*
De igualdade: *Ese cabaleiro é tan forte coma aquel.*
De superioridade: *Ese cabaleiro é máis forte ca aquel.*
- **Grao superlativo.** Expressa unha calidade no seu grao máximo. Pode ser de súas clases:

Absoluto. Indica unha calidade expresada no seu grao máximo e sen comparala con nada. Existen varios procedementos:

Esa dama é moi fermosa (adxectivo moi + adxectivo)

Esa dama é fermosísima (sufixos *-ísimo/a, -érrimo/a*)

Esa dama é superfermosa (prefixos *super-, ultra-, hiper-*)

Relativo. Indica unha calidade no seu grao máximo, pero afirmándoa con relación a outro elemento. Adoita construírse segundo este esquema: *artigo + máis/menos + adxectivo + de...*

Esa dama é a máis fermosa da festa.

Existe un grupo de adxectivos que indican o grao comparativo de superioridade e o superlativo por si mesmos (de forma sintética). Ofrecémosche exemplos deles no cadro da marxe.

Tipos de adxectivos

Distínguense dous tipos de adxectivos, segundo a relación que establecen cos substantivos: *especificativos* e *explicativos*.

- **Especificativos:** expresan unha calidade que distingue un substantivo fronte a outros da súa mesma clase ou especie.

cabelo moreno

especificativo

(delimita só un grupo dos cabelos: hai nos tamén touros, roxos...)

- **Explicativos:** expresan unha calidade propia e inherente do substantivo, non o distingue doutros. Na lingua literaria reciben o nome de *epítetos*.

mar salgado

explicativo

(non delimita nin especifica: todo o mar é salgado)

Lembra...

Adxectivos con formas de grao sintéticas

Positivo	Comparat.	Superlat.
grande	maior	máximo
pequeno	menor	mínimo
bo	mellor	ótimo
malo	peor	pésimo
alto	superior	supremo
baixo	inferior	ínfimo

O ADXECTIVO

2. Completa as oracións para formar comparativos:

Sempre foi alta ti.
 Ter libros parece.
 O libro notas el.
 Os textos son fáciles divo.
 Agora é vello Anselmo.
 Están comentarios vós.
 Precisaba cartos tiña.
 Vós sodes técnicos eles.
 Fixo tantos traballos min.
 Aquel libro é estoutro.

OS GRAOS DO ADXECTIVO

- POSITIVO: a calidade aparece sen se relacionar con outra. Ex.: can valente.
- COMPARATIVO: expresa unha calidade relacionada consigo mesma ou con outra calidade. C. IGUALDADE: Primeiro termo da comparación: tanto...; segundo: como/ coma.
- INFERIORIDADE: Primeiro termo da comparación: menos...; segundo: que, ca ou do que.
- SUPERIORIDADE: Primeiro termo da comparación: máis...; segundo: que, ca ou do que.

3. Maior e meirande non sempre teñen o mesmo significado. Busca no diccionario e escribe unha oración con cada un:

4. Escribe ó pé de cada oración que clase de comparativo se emprega:

A lampada alumaba máis ca un cento de bombillas.
 Este debuxo é máis doado de facer que aqueloutro.
 As experiencias foron menos numerosas do que se pensou.
 Tes o nariz tan colorado coma un tomate.
 A lamprea semellábase máis á anguila que á pescada.
 O teu caballo é peor co meu castiño.
 Tiña tanta sona como dicían todos os do lugar.

5. Completa cada unha das oracións coas formas ca, que, do que, como, coma segundo conveña:

Farelino en menos tempo ti.
 Fala tanto min.
 Ten menos anos teu pai.
 É mellor esperabas.
 Non é tan lixeiro dicias.
 O marmelo é máis duro a maza.
 Iso sabebo ti mellor nós.
 Ese xove ten tantos anos vós.

USO DAS CONX. COMPARATIVAS

- CA, COMA é obrigado usalas cando o segundo termo da comparación é un pronome persoal.
- QUE, DO QUE e COMO é obrigado cando o segundo elemento da comparación é un verbo.
- Nos demais casos é optativo empregar calquera delas.

6. Relaciona cada adxectivo coa expresión axeitada. Son frases que se expresan en superlativo:

fácil pobre "Ter o fornigo". "Botar os bofes".
 extenuado activo "Non ter un can". "Moí bo de facer".

7. Transforma os superlativos e frases feitas coas que poidas expresar o superlativo.

moi rico, riquísimo; rico, rico; cartos a moresas; rico abondo...
 moi alto
 moi velloz
 moi ouzada
 moi vello
 moi increíble

O SUPERLATIVO

- ABSOLUTO: A calidade está no maior grao de todos.
- FORMACIÓN: Cas adxectivos moi, bastante, ben, abondo... Coa terminación -ísimo, -érrimo.

8. Escribe o superlativo dos seguintes adxectivos empregando a terminación -ísimo:

caro
 só
 noble
 vello
 enorme
 grande
 saudable

USO DA TERMINACIÓN -ÍSIMO

- Cos adx. rematados en sílaba átona: -a/-o/-a/-o -ísimo.
- Cos adx. rematados en -ble: -a/-a-ble/-a-ble -ísimo.
- Cos adx. rematados en sílaba tónica: -ísimo.

9. Completa o cadro segundo corresponda:

TERMINACIÓNS PARA A FORMACIÓN DO SUPERLATIVO					
ADXECTIVO	-ÍSIMO	-ÉRRIMO	ADXECTIVO	-ÍSIMO	-ÉRRIMO
CRU			libre		
acre			sabio		
antigo			miserio		

10. Transforma as seguintes oracións, os adxectivos en grao superlativo ponos en grao positivo:

O meu can é fidelísimo defénde a casa e máis a nós.
 O vello Anselmo era de familia nobilísima.
 Aquellos homes vivían nunha casa paupérrima.
 Viaxamos ó alto do monte, o aire era salubérrimo.
 O ter casa na aldeia é un feito xeralísimo.

11. Escribe catro oracións para cada un dos seguintes esquemas:

[art.] + [maísl] + [adx.] + (de, entre) [art.] + [menosl] + [adx.] + (de, entre)

O SUPERLATIVO RELATIVO

Indica a calidade no maior grao de todos con respecto os demais cos que se pode comparar.

Ex.:
O máis lixeiro da clase.
A menos rosa entre as rosas.

12. Completa o cadro cos comparativos e superlativos correspondentes:

POSITIVO	COMPARATIVO	SUPERLATIVO	POSITIVO	COMPARATIVO	SUPERLATIVO
grande			malo		
pequeno			alto		
bo			baixo		

13. Outro recurso para formar o superlativo é empregar modernas derivativas como hiper-, ultra-, super-, re-,requete-. Forma superlativos, empregando os morfemas derivativos anteriores, cos seguintes adxectivos:

lixeiro
 xeneroso
 guapo

14. Subliña os superlativos absolutos. Rodea cun círculo os superlativos relativos. Transforma os superlativos absolutos en superlativos relativos e á inversa.


Hadrián mercou unha serie de libros interesantísimos.
 O equipo era o máis homoxéneo da competición.
 Virnos a película no lugar máis incoñonado da sala.
 Henrique rachou o xerseí máis vistoso.
 Fixemos a viaxe máis maravillosa das que nos ofreceron.
 O mecánico era mañoso, mañoso.
 O noso can é valente abondo.
 Puxemos a película máis divertida das que temos.

Os determinantes

Na unidade anterior xa mencionamos que os **pronomes determinantes**, a diferenza dos persoais, *poden actuar ben como núcleo (N) ou ben como determinante (DET) do núcleo.*

— **Repara** nestes exemplos e **comproba** que se cumpre a característica dos pronomes determinantes que acabamos de citar.

Ese é entretido.




Tendo en conta as ideas e as nocións que estes pronomes determinantes poden expresar, distinguimos varios tipos: **demonstrativos, posesivos, cuantificadores, identificadores, relativos, interrogativos e exclamativos.**

Demonstrativos

Reciben o nome de demostrativos porque **mostran ou sitúan algo no espazo** (e, ás veces, tamén no tempo) **marcando proximidade ou afastamento** respecto de quen fala.

Este coche é máis moderno ca **ese** e moito máis ca **aquel**.



(+ proximidade)

(intermedio)

(+ afastamento)

	Singular	Plural
Masculino	este, ese, aquel	estes, eses, aqueles
Feminino	esta, esa, aquela	estas, esas, aquelas
Neutro	isto, iso, aquilo	

Poseivos

Son os que expresan **relación de posesión ou pertenza** entre un elemento (obxecto, animal, idea...) e o posuídor (un ou varios).

O voso can rompeu o **meu** paraugas.

	Singular	Plural
Un posuídor	Varios posuídores	Varios posuídores
Masculino	meu, teu, seu	meus, teus, seus
Feminino	miña, túa, súa	miñas, túas, súas
	noso, voso, seu	nosos, vosos, seus
	nosa, vosá, súa	nosas, vosas, súas

As formas do pronome posesivo masculino singular (**meu, teu, seu, noso, voso, seu**), precedidas da preposición **de**, serven tamén para expresar en galego **propiedade plena e exclusiva**.

Ela viaxa moito porque **ten** coche **de** seu. → (coche propio)

Lembra...

Os pronomes posesivos van precedidos de artigo.

Esta é a miña casa.

Unicamente pode non suceder isto cos nomes de parentesco (*Miña* nai está durmindo) ou con algunhas expresións exclamativas (*¡Ai, miña casinha!*).

Cuantificadores

Estes son os pronomes que **cuantifican unha realidade**, é dicir, expresan cantidade ou número, de forma máis ou menos precisa.

*Eu lin **dous** libros de misterio pero Ana leu **moitos**.*

(+ preciso) (- preciso)

Hai cuantificadores **numerais** (ou definidos), **indefinidos** e **absolutos**.

Numerais. Precisan cantidade **con exactitude**. Poden ser **cardinais** (número exacto de unidades), **ordinais** (orde nunha serie), **multiplicativos** (resultado dunha multiplicación), **partitivos** (resultado dunha división).

Cardinais	Ordinais	Multiplicativos	Partitivos
un/unha, dous/dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez, once, doce, trece, catorce, quince, dezaseis, dezasete, dezoito, dezanove, vinte, vinte e un, vinte e dous, vinte e tres...	primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto, sexto, sétimo, oitavo, noveno, décimo, undécimo/décimo primeiro, duodécimo/décimo segundo...	dobre ou duplo/a, triplo/a, cuádruplo/a, quintuplo/a, séxtuplo/a, séptuplo/a, óctuplo/a, nóuplo/a, décuplo/a...	medio/a, terzo/a, cuarto/a, quinto/a, sexto/a, sétimo/a, oitavo/a, noveno/a, décimo/a, onceavo/a, doceavo/a...

Indefinidos. Indican cantidade de maneira imprecisa, **sen exactitude**.

Singular	Plural
algún, algunha un, unha	algúns, algunhas uns, unhas
moito, moita	moitos, moitas
pouco, pouca	poucos, poucas
demasiado, demasiada	demasiados, demasiadas
abondo, abonda	abondos, abondas
bastante	bastantes
cada	ambos, ambas
algúen	varios, varias

Absolutos. Expresan unha **cantidade total** ou negan a existencia daígunha cantidade.

Singular	Plural
todo, toda	todos, todas
ningún, ningunha	ningúns, ningunhas
ninguén	
nada	

Lembra...

Moitos dos pronomes determinantes vistos nesta unidade entran en combinación coas preposicións (especialmente con **con**, **de** e **en**), dando lugar a diferentes **contraccións**.

*Inés casou **con** de Lugo.*
(con + un)

*O fume saía **da**quela casa.*
(de + aquela)

***Nalgun** momento escampará.*
(en + algún)

Identificadores

Estes pronomes son os que seleccionan un elemento de entre outros iguais ou da mesma especie.

A adestradora decidiu meter **outro** dianteiro.


Singular	Plural
outro, outra	outros, outras
mesmo, mesma	mesmos, mesmas
propio, propia	propios, propias
certo, certa	certos, certas
o máis, a máis	os máis, as máis
tal	tales
calquera	
quenquera	

Relativos, exclamativos e interrogativos

Estes pronomes comparten case todas as súas formas (agás *cujo*, *cuja*, *cuños*, *cuñas*, que son só relativos).

Singular	Plural
que	
quen	
cal	cales
canto, canta	cantos, cantas
cujo, cuja	cuños, cuñas

Relativos. Exerceen como **enlace** ou nexo nas oracións subordinadas adxectivas e ademais actúan como **substituto do antecedente** na oración que introducen.



Exclamativos e interrogativos. Os primeiros **introducen exclamacións** e os segundos **introducen preguntas**, de forma directa (*¿Que comes?*) ou indirecta (*Dime qué comes*). Tanto os pronomes exclamativos coma os interrogativos poden cumprir a función de **determinante** e de **núcleo**.

!Que película aburrida!
determinante

?Cantos euros che quedan?
determinante

!Que aburrida!
núcleo

?Cantos che quedan?
núcleo

Actividade

9. Transforma estas oracións substituíndo as palabras en cursiva polas formas de posesivo exclusivo (de *meu*, de *teu*, de *seu*...) que conveñan.

- Devivoche o teu trade. Agora teño un *propio*.
- Carne ten por fin unha moto *propia* e agora vai e vén cando quere.
- Non debemos dicir «escoba» porque temos palabras *propias* como «vascira».
- Realmente non terás apartamento *propio* ata que lle pagues todo o crédito ó banco.
- Non sei por que lle pedistes a súa furgoneta se vós tedes unha *propia*.

10. Completa estas oracións co pronome determinante cuantificador que mellor lles acalga en cada caso.

- Perdíamos por dous puntos e coa canastra de Xurxo no último segundo gañamos o partido.
 - Somos tres, así que a min me corresponde un da torta.
 - Meu irmán desde onte é maior de idade porque fixo anos.
 - Eran doce na carreira e Paulo chegou o derradeiro, é dicir, chegou no lugar.
 - Eu non teño présa. Podo agardar aquí o tempo que faga falta.
 - Xa teño patacas Por favor, non me botes máis.
- Clasifica os pronomes cuantificadores que usaches.

11. Explica coas túas palabras a diferenza de sentido entre estas oracións. Repara en que as da dereita teñen pronomes interrogativos acentuados.

- Dime que queres. / Dime qué queres.
- ¿Sabes canto queres? / ¿Sabes cómo queres?
- Pregúnta quen se atreve. / Pregúnta quién se atreve.
- Dílle que ves. / Dílle qué ves.

12. Identifica e clasifica todos os pronomes determinantes que hai neste texto.

¿Cal é a orixe da palabra cómic?

abofé - a mantenta - amodo - quizais

non = de ningún xeito → Non / de ningún xeito farei o que me pides.

12. Identifica o valor que teñen as preposicións destacadas nestas oracións.

- A. Irán de viaxe **con** seus pais. duración
- B. A moxhila **de** hñs é vermella. compañía
- C. Mañá **marcho** a Viana do Bolo. procedencia
- D. Viñeron **de** Ourense en tren. materia
- E. Conducíde **con** precaución. destino
- F. Construíron unha casa **de** pedra. posesión
- G. Ficharon a Rivaldo **por** catro anos. modo

13. Substitúe as preposicións e locucións prepositivas destacadas nestas oracións por outras equivalentes.

- Chegaron todos **excepto** Elisa. →
- Foron **cabo** de iria para falaren. →
- Deixa ese floreiro **enriba** da mesa. →
- El atrasouse **por culpa** dun accidente. →

14. Localiza e clasifica as conxuncións e locucións conxuntivas que hai nestas oracións.

- Vou ó dentista porque me doe unha moa. →
- Ela é máis alta do que eu pensaba. →
- Se véas connosco, verás o noso piso. →
- Ou imos ó cine, ou imos á praia. →
- Quixen ir ó concerto, mais non me deixaron. →
- Aínda que eu berraba, eles non me oían. →

15. Corrixte os erros destas oracións, que afectan á forma e ó uso das preposicións, dos adverbios e das conxuncións.


- Poderás **comprar** as entradas do concerto si te levantas temprano.
- O dianteiro quedou só **frente** ó porteiro, rematou e a pelota pasou encol do longueiro.
- Segun meu pai, a galvoia veu voando e logo pousouse onde el.
- Aler estudel varias horas, máis hoxe o exame non me saiu moi ben.
- Atopei a Carme **perante** o centro comercial e decidímonos ir hasta unha cafetería.

Uso de «x», «ll» e «i»

Existe un bo número de palabras que en galego se escriben con «x», «ll» ou «i»; por exemplo: *xerna, baralla, maío*. Con todo, ás veces, por influencia do castelán, tendemos a escribir estas palabras incorrectamente: **terna, *baraxa, *mayo*.

— Localiza na sopa de letras as palabras galegas con «x», «ll» ou «i» que che damos definidas.

- Globo de aire ou doutro gas que se forma nun líquido e sobe á superficie:
- Conxunto de dúas persoas:
- Embarcación de recreo que pode navegar a vela ou a motor:
- Trazo ou marca moi delgada e longa:



baralla



1. Completa cada oración coa palabra que conveña de cada par.

oilo - oio	• Sube o volume da radio, que non ben. • Teño dúas dioptrías no dereito.
maílo - maío	• Xoán fai anos o día vinte e un de • O é un instrumento agrícola.
falla - faia	• Ese dianteiro nunca os penalís. • O carpinteiro fixo esta mesa con madeira de
fallo - faio	• O avó gardou o sofá vello no • Con outro, ese concursante será eliminado.
collo - coio	• Tropecéi nun e caín ó chan. • Se máis mazás, vós quedades sen elas.
valla - vaia	• Non creo que ese libro máis de vinte euros. • Cando a Marín, visitarei o meu tío Manuel.

Actividades

13. Indica o verbo derivado destes substantivos e logo crea unha oración con cada un. Sigue o modelo.

Substantivo	Verbo	Oración
ensaio	ensaiar	Eles ensaian..
proxecto
parella
xeso
atallo
raia
inxestión

14. Copia estas oracións substituindo o símbolo por «x», «ll» ou «i».

- Hoxe teño anto o de lente as e de coe o asado; e de sobremesa quero un ogur.
 - Miña nai, ó verse no espe o, atopou unha mancha de ema de ovo na sa a.
 - Cando baixabamos ata a pra a polo ata o, vimos un ate alí fondeado.
 - Din que o alcalde pro ecta traer en ma o un circo cuns pa asos moi bos.
 - Cain practicado oga e teño un golpe nunha ce a e outro nunha ore a.
- Revisa e corrixe as oracións, coa axuda dun dicionario.

2. Completa estas palabras con «l» ou «x» segundo corresponda.

apare.....o	te.....a	ce.....a	dese.....o
cerve.....a	espe.....o	anto.....o	pare.....a
comple.....o	bara.....a	envé.....a	estropa.....o
agasa.....o	bande.....a	vanta.....e	o.....eiras
lente.....as	ata.....o	relo.....o	tra.....ecto

3. Redacta un breve texto combinando algunhas palabras traballadas nas actividades anteriores. Coida que aparezan correctamente escritas

.....

.....

.....

.....

.....

ortografía

Uso de «h»

Se pronunciamos as palabras *harmonía*, *historia* ou *prohibir*, decatámonos de que a letra «h» non representa ningún son. Deseguido, imos ver algunhas regras para usar ben na escrita esta letra.

— Observa os exemplos e relacións coa regra correspondente.

Exemplos

Regra: *Escribense con «h»...*

- A. heptaedro, hexágono, hipotenseo...
 Os verbos *herdar*, *habitar* ou *haber* en todas as súas formas.
- B. humano, humilde, humor...
 As palabras que comezan por *hum-* (agás *úmero*).
- C. herdei, habitaron, hai...
 As palabras que levan os prefixos gregos *hepta-*, *hex-*, *hipo-*...
- D. hortaliza, prehistoria, filharmonía...
 As palabras que comezan por *hosp-* e *horr-*.
- E. hospedaxe, hospital, horror, horroroso...
 As palabras que derivan doutras que xa tiñan «h», como *horta*, *historia*, *harmonía*...

Outras palabras que levan «h» en galego son estas: *anhelar*, *coherente*, *cohibir*, *exhibir*, *hélice*, *helmo*, *herba*, *hindú*, *histeria*, *vehículo*...
 En cambio, en galego non levan «h»: *ai* (adv. de lugar), *jaili* (interacción), *baía*, *erritada*, *inchar*, *irmán*, *ombro*, *orfo*, *óso*, *ovo*...

Actividades

11. Completa esta táboa con exemplos de palabras con prefixos que levan «h».

Prefixo	Significado	Exemplos
hex-	seis	hexagonal...
hepta-	sete
hipo-	por debaixo de
hiper-	por encima de
hipo-	cabalo
hidro-	auga


— Crea seis oracións combinando algunhas das palabras anteriores.

12. Copia estas oracións substituíndo o símbolo por «h» se é preciso.

- Meu irmán di que non crucemos este río por a ¡porque aí ipoptamos.
 - Como eu estaba de bo umor, púxenme a tocar a armónica sobre a erba.
 - ¡ aii! Como me doe o ombro! Debo ter un óso roto. Levádeme ó ospital.
 - Pro ¡binlle despegar da baía ata que non amañase a éllice do idroavión.
- Revisa as oracións, coa axuda dun dicionario, e logo corríxeas deste xeito.

Ero cometido	Palabra corrigida	Forma unha oración
.....


hexágono



helmo

Uso de «h»

1. Relaciona cada palabra da primeira serie coas voces da segunda e da terceira que derivan dela.



— Completa con palabras das series anteriores estas oracións.

- Contan que na a vivía en covas e cavernas.
- O profesor contounos unha de medo e eu de noite tiñen uns pesadelos
- Penso que ningún ser pode aturar a calor e a
- Aquel , entre chiste e chiste, acostumaba asubir unha melodía moi
- Non lle pidas hoxe iso á enfermeira do porque parece

2. Relaciona cada palabra co seu significado.

Palabra	Significado
hiperactivo	Que ten seis patas.
hipertensión	Que ten unha actividade por riba do normal.
hipotálamo	Que ten sete sílabas
hipodérmico	Corpo xeométrico con sete caras.
hexágono	Que ten seis ángulos.
hexápodo	Tensión excesivamente alta.
heptasílabo	Parte do cerebro situada debaixo do tálamo.
heptaedro	Que se aplica debaixo da pel.

3. Completa coas palabras das actividades anteriores estas regras sobre o uso de «h».

Úsase «h» coas palabras que comezan por «hunn-» (agás *úmero*).

→ Por exemplo:

Úsase «h» coas palabras que comezan por «hosp-» e «horr-».

→ Por exemplo:

Úsase «h» coas palabras que derivan doutras que xa tiñan «h», como «historia», «harmonía»...

→ Por exemplo:

Úsase «h» coas palabras que comezan polos prefixos gregos «hiper-», «hipo-», «hexa-», «hepta-».

→ Por exemplo:

Uso de «s» e «x»

— Completa estas táboas con outros exemplos de cada regra sobre o uso de «s» e «x».

Escribíbase con «s»...	
Exemplo	Outros exemplos
escusar
estraño
escavar
estraña
Escribíbase con «x»...	
Exemplo	Outros exemplos
exculpar
ex-ministro
extraterrestre
extrafino
hexasilabo
séxtuplo

Pódese escribir «s»...

En lugar do primeiro «x», cando este aparecera dúas veces entre vogais.

Levan tamén «s»: *biscoito, espectáculo, espontáneo, espremer, espresmedor, estranxeiro, estender, lapis, polisón, sentinela, xasmin...*

Debemos escribir con «x»: *cervexa, cornixa, enxiva, excelente, expectación, extenso, graxa, xastre, xordo...*



Actividades

13. Substitúe nestas oracións o símbolo «x» por «s» ou «x» segundo conveña.

- O «x»-presidente «x»-viu que se convocase unha reunión «x»-traordinaria.
- Limpade as manchas de graxa que hai na «x»-erra de cervecía e no «x»-premedor.
- O violinista daquel «x»-celente sexteto de corda é o «x»-marido de Paula.
- Non «x»-avero se digo que o ruído das «x»-cavadoras case me deixa «x»-ordo.
- Cultivamos «x»-omíns en «x»-tensos campos e logo «x»-portámoslos ó «x»-trant«x»-eiro.

14. Consulta nun dicionario as seguintes palabras que se distinguen por levar «s» ou «x».

- esperto / experto
 - misto / mixto
 - esterno / externo
 - estremar / extremar
 - sesta / sexta
 - espíar / expíar
 - testo / texto
 - estirpe / extirpe
- Escribe varias oracións combinando as palabras anteriores.
Eu quero que me extirpe o lunar ese cirurxián porque é moi experto.

1. Repara nestas táboas sobre os tipos de interferencias léxicas. Despois indica, ordenando as letras soltas, as palabras galegas que debemos usar en cada caso.

Interferencias léxicas adaptadas
(distraízanse de galego sen sei)

parexa	a - p - e - l - r - a
carreira	t - a - r - e - d - s - a
bruxula	á - m - c - p - o
axeno	l - o - a - l - e
cortafogos	d - a - s - e - a - v
aceira	r - b - ú - r - e - a - r - i - a
lexos	x - e - l - n - o
cumpreanos	o - i - r - v - n - á - s - a - i - e - r
concellal	l - e - l - r - i - o - c - o - c - n - e
lexía	v - a - i - x - i - l - i
tixeiras	o - s - l - r - e - s - a

Voces galegas correctas

parella

Interferencias léxicas plenas
(a palabra castelá sen cambios)

calle	a - r - ú
duda	b - a - d - i - d - ú
merluza	s - a - c - p - a - d - e
esguince	d - r - a - c - u - r - o - e - s - d - a
huella	g - p - a - e - d - a
silla	r - i - c - a - e - d - a
postre	m - a - s - b - r - o - e - s - e
terciopelo	e - l - v - u - o - d
racimo	c - a - o - i
testigo	u - s - t - a - ñ - m - e - t - e
estornudo	o - r - p - r - e - l - s

Voces galegas correctas

rúa

2. Completa estas oracións coas palabras galegas precisas da actividade anterior.

- Hoxe comín en caldeirada e de un de uvas.
- Miña irmá regaloume polo meu un bonito vestido de azul.
- O de Obras Públicas dixó que toda a vila tería e sumidoiros novos este ano.
- Vilatouciño non está de aquí. Sigue un quilómetro por esta e xa chegas.
- Ti es de que eu non rompín adrede a pata desá
..... sobre a lesión do xogador: é unha de nocello.
- Deixou o chan da cociña cheo de das súas botas e tiven que limpalo con

Uso de «v»

— Observa os exemplos e completa as regras de uso do «v».

- Exemplo* *Escríbense con «v»...*
- envexa, adversario, obvio... Despois de -r-, e
- bravo, brava, positivo, positiva, Os adxectivos rematados en -avo/a, suave, leve... e
- vicecónsul, vicepresidente... As palabras que comezan polo pre- fixo , que significa 'cargos de rango inferior'.
- herbívoro, carnívora... As palabras que rematan polo sufi- xo , que significa 'comer'.
- vou, vas...; veño, vés...; vexo, Todas as formas dos verbos ir, , ves...; vivo, vives... e
- conversar, malversar, reser- Os verbos rematados en e var, conservar...
- divino, diversión, dividir... As palabras que comezan pola síla- ba

Outras palabras que levan «v» en galego son estas: avó, avoa, avoga- do, carabel, covarde, escarabello, esbelto, grabar, pavilión, barrer, varredor, vasoira, vermello, verniz, voltre, voda...

Actividades

12. Tendo en conta o visto no apartado de ortografía nesta unidade e na anterior, completa con «v» ou con «b».
- pasi...o di...orcio ...aias
lam...er insectí...oro bre...e
bisa...ó anda...as gra...e
bi...lioteca a...ogado preser...ar
...icerrei ...i...imos ...ernizar
mara...illa icolor tam...or
oita...o festi...o di...ertido
acti...o terxi...ersar enxe...re
- Despois de escribir as respostas, con- sulta nun dicionario a súa corrección.

13. Anota, coa axuda do dicionario se o preci- sas, a diferenza de significado destas parellas de palabras.
- rebelar / revelar balar / valor
baca / vaca botar / votar
14. Escribe seis oracións combinando algunhas das palabras vistas neste apartado.
- Por parellas, dítade as vosas oracións e logo corrixideas deste xeito.
- | | | |
|-------|-----------|--------------|
| Erro | Palabra | Forma |
| | corrixida | unha oración |
| | | |

Uso de «b»

En galego pronúnciase igual «b» e «v», por iso ás veces temos dúbidas sobre cando se escribe unha letra ou outra. Nesta unidade comezaremos coas regras de uso do «b».

— Repara nos seguintes exemplos de palabras e emparéllaos coa regra correspondente.

Exemplos

- A. bailaba, cantaba, falaba... D. bombo, pomba, símbolo...
B. branco, amable, absurdo... E. bubela, bulir, bufo...
C. bisesto, bisneto, biografía... F. escribir, recibir, contribuir, distribuír...

Regra: Escríbese «b»...


- Nos verbos rematados en -bir (agás servir e vivir) e en -buír.
- Despois de -r-.
- Ante calquera consoante (agás en aciuvo e áurego).
- Cando a palabra comeza por bu- (agás vulto, vulgar, vurullo...).
- Nas palabras que comezan cos prefixos bi-, bis- e bio-.
- Nas formas verbais do pretérito imperfecto de indicativo do tipo andaba, andabas...

En galego escríbense ademais con «b» estas palabras: abela, automó- bil, baleiro, billa, bolboreta, marabilla, móbil, ribeira, trobador...

Actividades

12. Completa no teu caderno estas oracións coa letra que falta.
- O ...ulto que eu tiña no a...dome era do tamaño dunha a...ela.
 - Mentres Antía fala...a polo teléfono mó...il, o seu so...riño xoga...a a facer ...urbullas.
 - Foi meu ...isavó quen plantou os aci...ros distri...uídos por todo o xardín.
 - A miña redacción so...re as pom...as ser...lume para aprobar ...loloxía.
 - Din que algúns tro...adores escri...iron as súas mara...illosas cantigas pasean- do polas ri...eiras desta ría.
13. Escribe series de palabras da mesma familia cá palabra dada. Ten en conta que manterán o uso de «b».
- bomba → **bombear, bombeiro**...
 - móbil →
 - botella →
 - barco →
 - cabeza →
 - goberno →
 - sabor →
14. Redacta agora un breve texto combinan- do algunhas das palabras con «b» das actividades 12 e 13.

bolboreta



burbulla



Uso de «b» e «v»


1. Resolve este encrucillado. Repara en que xa ofrecemos a letra «b» das palabras que a contenen.

Horizontais


- 1: Abrirose algo de repente debido á presión exercida polo aumento do volume do que contén.
- 2: Aquilo que causa admiración por ter calidades ou características moi boas.
- 3: Insecto voador que ten dous pares de ás de cores moi rechamantes.
- 4: Aire quente que sae pola boca.

Verticais

- 5: Franxa de terra que está ó lado dun río, lago ou mar.
- 6: Que permancece sen moverse.
- 7: Froito seco comestible, de forma redonda e casca dura.
- 8: Poeta medieval que compoñía cancións que cantaban os xogares.



Resolve este encrucillado. Xa puxemos as letras «b» ou «v» como axuda.




2. Resolve estoutro encrucillado. Neste caso xa che ofrecemos a letra «v».

Horizontais

- 1: Persoa que ten como profesión defender os intereses dalgunha das partes que interveñen nun xuízo.
- 2: Tira de tea que se pon de adorno no colo por riba das camisas.
- 3: Dise da cor do sangue ou dos tomates maduros.
- 4: Limpar o lixo do chan cunha vasoiña.

Verticais

- 5: Herba que xeralmente ten as follas agrupadas de tres en tres.
- 6: Rexistrar sons ou imaxes nun disco, fita...
- 7: Dise da persoa que non ten valor para facer fronte a un perigo ou a algo para o que faga falla telo.
- 8: Construción ampla onde se practican deportes, se fan exposicións...



3. Crea un breve texto combinando algunhas das palabras dos encrucillados anteriores.

.....

.....

.....

.....

.....

- ▶ Franxa de terra que está ao lado dun río, dun lago ou do mar. ▶ Que é delgado e de boa figura.
- ▶ Arbore silvestre con espiñas na marxe das follas que se usa moito como adorno no Nadal. ▶ Persoa que ten como profesión aconsellar en asuntos relativos á xustiza e defender os intereses dalgunha das partes que interveñen nun xuízo.
- ▶ Que carece de distinción ou de gusto, ordinario. ▶ Que causa admiración por ter calidades ou características superiores ás dos demais.
- ▶ Elevación na superficie de algo ou dureza no interior dalgunha cousa. ▶ Que non contén nada no seu interior.
- ▶ Herba que xeralmente ten as follas agrupadas de tres en tres. ▶ Froito seco comestible.

— Completa agora coas palabras anteriores estas oracións.

- Aproveitei un baúl para gardar todas as mantas.
- O meu decidiu recorrer a sentenza do xuíz.
- Non escachas as cos dentes, que aínda vas romper un
- Sen dúbida, a ópera que máis me gusta é *As vodas de Figaro* de Mozart: paréceme unha obra
- Non é aconsellable acampar na do río porque nesta época do ano adoita haber asolagamentos.
- A meu pai van quitarlle no hospital un de graxa que ten nas costas.
- Se atopas un de catro follas, gáñdao porque din que dá boa sorte.
- O costume de usar pólas de no Nadal pode poñer en perigo a supervivencia deste arbusto.
- Cristovo é moi : sempre está cuspindo e dicindo barbaridades.
- Ela ten unha figura tan que podería traballar de modelo de pasarela.

Grupos consonánticos

Grupo -br-	Grupo -cl-	Grupo -fl-	Grupo -gl-	Grupo -pl-
ablativo blasfemar blasfemia blindar bloque bloquear blusa cable emblema moble obleta oblicuo problema publicar público república sublime subliñar ...	aclarar clan clarinete clarividente claro clase clásico clasificar clasificación claustru cláusula clemencia clero cima cloro club declarar declive enclave exclamar inclinár indito incluir incluso proclamar reclamar recluso ...	aflixir afixido flagrancia flagrante flamante flan flanela flegma flegmático flegmon flexión flocu flor flora flotar flotador flutar fluido fluor fluvial fluxo inflación influir reflectir reflexión reflexo ...	aglomeración aglomerado anglicano anglicismo deglutir diglosia égloga ganglio glaciación glacial glaciador gladiolo glándula glicerina globalizar globo glóbulo gloria glorioso glosa iglu inglés neglixencia ringleira troglodita xeroglífico ...	aplicar espléndido esplendor exemplo explicar explorar explotar placa plan planco planeta plano planta plástico plataforma plátano plátino platónico plaxio pluma plural templo ...

2. Completa as oracións con voces derivadas das seguintes. Despois clasifica as palabras que escribi-ches e amplía cada familia léxica con outras novas.



- A denominación «música celta» serve para variedades musicais moi diferentes.
- Os meus avós non saben bailar *hip-hop* pero bailan moi ben o
- Gústame o ton do teu coche novo: dálle un aire moi moderno.
- Non deixes ir o neno á auga sen o : aínda non sabe nadar.
- A desertización e a escaseza de auga é xa un problema no planeta.
- Fun á que me recomendaches pero non me gustou ningún dos aneis que vin.
- O torpedu deu xusto na liña de do destrutor e o buque afundiuse en segundos.
- O noso país debe o investimento en I+D para alcanzar a conxerencia con Europa.

Familia léxica de «dobrar»	Familia léxica de «flotar»	Familia léxica de «globo»	Familia léxica de «prata»
.....

3. Pon «b» ou «r» en cada palabra segundo conveña.

- rec...uso b...ando r...ec...utar c...ásico exemp...o nob...e f...agrancia
 p...anta sab...e p...aga f...ouxo ring...eira púb...ico p...eito

— Escribe oracións combinando coherentemente algunhas das palabras anteriores.

-
-
-
-

4. Escribe estas oracións corrixindo os erros que afectan aos grupos consonánticos.

- A flota de guerra ingresa ten o dobre de barcos ca a alemá.
- Ese esclavo do emperador é moi fraco pero na súa mocidade foi gradiador.
- É un placer escoitar a Xurxo tocando a flauta e tamén o crarinete.
- Colle o prano de Compostela e márcame cunha frecha o lugar onde está a plaza do Obradoiro.

5. Repara nestas palabras e identifica a que grupo consonántico corresponden os círculos de cor.

o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o
→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→
o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o
→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→
o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o
→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→
o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o	o
→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→	→

oración a olto a ominais extoio
 oídolo adolar hióse suomisión
 eumático oer a tarse criaa
 nuocial su elegado autooia suoraer

— Completa estas oracións coas palabras anteriores. Coida o uso dos grupos consonánticos.

- Os meus tios acaban de un nenno
- Durante a, o forense descubriu unhas estrañas lesións no cadáver.
- Chegamos tarde ao banquete porque un do noso coche rebentou.
- Acusábano de varias cartelas, pero foi por falta de probas.
- Non entento a túa por facer unha de mármore no cemiterio.
- Acabamos de en exclusiva, unhas declaracións do do Goberno.
- O meu suxeríume que me sometése a unha sesión de
- O presidente da parlamentaria decidiu na votación.

6. Perscud o significado das palabras de cada par e despois completa adecuadamente as oracións.

- O meu amigo Luís veume a unha partida de xadrez.
- Os soldados tiveron que coma serpes por debaixo daqueles arames.

reparar - retar

aptitude - actitude

- Meu irmán superou sen problemas as probas de física para ser socorrista.
- O teu titor dixoo que tes problemas de : protestas decote e non prestas atención.
- Sara e Alberte están a piques de unha nena etiope.
- É mellor que vaimos a outra praia porque esa estar chea de xente.

captar - catar

- Meu tío convidounos a o seu viño: estaba boísimo.
- Na radio do barco acabamos de unha mensaxe de S.O.S.

7. Resolve este encrucillado cos nomes dos elementos debuxados. Repara en que xa che ofrecemos os grupos consonánticos con «bh» e con «pb» que posúen.

[Grid with letters: B S, B S, P C, T, P T, P S, T]

— Crea un breve texto combinando algunhas ou todas as palabras anteriores.

.....

8. Completa adecuadamente estas palabras e rodea cun círculo a voz que en cada serie non compare o grupo consonántico das demais.

- eucali.....o - trí.....ico - di.....ongo - Exi.....o
- se.....embro - ré.....il - ace.....tar - ine.....o
- rece.....ión - conce.....ión - descri.....ión - corru.....ión
- su.....tantivo - atracto - oenvar - sutraendo
- dece.....ión - inscri.....ión - eru.....ión - o.....ión

Ortografía

Ortografía

Grupo -bc-	Grupo -bd-	Grupo -bn-	Grupo -bs-	Grupo -bt-	Grupo -pc-	Grupo -pn-	Grupo -ps-	Grupo -pt-
obcecación obrecado obrecar obrecar subclase subclavo subcomisión subconsciencia subconsciente subconjunto subcutáneo ...	abdicación abdicar abdome abdominal abducción abductor molibdeno subdelegado subdesenvolvido subdesértico subdiaconado subdiácono subdialecto subdirección subdirector subdito subdividir subdivisión ...	abnegadamente abnegado obnubilación obnubilar subnormal ...	absentismo ábsida absolutismo absoluto absolver absorber absorción aborto abstemio abstención abstenerse abstinencia abstracción abstracto abstraer absurdo obsceno obsequiar obsequio observar obsesión obsoleto obstáculo obstinado obstruir subscripción subscrito subscritor substancia substancial substantivo substitución substituir substituto substrato	obtención obter obturación obturador obturar obtusángulo obtusos subtenente subterfugio subterráneo subtipo subtitular subtítulo subtracción subtractivo subtraer subtraendo subtropical ...	acepción adopción capcioso concepción contracepción corrupción decepción decepcionar erupción excepción excepcional exipciaco exipcio interrupción irrupción nupcial nupcias opción opcional percepción percepción recepcionista ...	apnea hipnose hipnoterapia hipnótico hipnotismo hipnotizador hipnotizar pneumático pneumonia pneumopatía pneumoscopia pneumoterapia pneumotórax ...	apocalipse asepsia autopsia biopsia cápsula catalepsia colapso eclipse elipse epilepsia forceps lapso pseudociencia pseudónimo psicanálise psicanalista psicodiagnóstico psicofísica psicoloxia psicológico psicópata psicopatología psicose psique psiquiatra psiquiatría psiquiátrico psíquico psoriasis rapsodia sinopse ...	abrupto aceptar adaptar adepo adoptar adoptivo anticceptivo aptitude apto baptista captar captura coleóptero concepto conceptual corrupto corruptor cripta criptico epiléptico eruptivo escepticismo eucaipto excepto exceptuar Exipto exiptología imperceptible inepto interceptor Neptuno optar optativo óptica optimismo optimista óptimo interruptor precepto

Excepción:
subtraer
subtracción
subtraendo

Excepción:
adscripción
circunscripción
descripción
inscripción
prescripción
subscripción
transcripción

Excepción:
adscrito
descriptivo
dftongo
indescribable
setembro
setentrional
subscritor
trifongo

Grupos -cc- e -ct-

Despois de «ay», «ea» e «oa», mantense o grupo consonántico completo: acción, sección, occidental...; abstracto, adxectivo, noctámbulo...

Excepción:

algúñas palabras mudaron o primeiro «c» por «x» ou «u»: doutor, doutoramento, oitavo, reitor, reforzado, reitoral, reitoría, seña...


Despois de «in» e «un», na maioría dos casos, suprimese a primeira consoante do grupo: afixión, ditado, vitoria, dedución, introdución, produto...

Excepción:

mantense o grupo consonántico con algunhas palabras técnicas e cultas pouco frecuentes: edicto, ictericia, succión...

i, u + c / t		i, u + cc / ct
abdución	distrito	oleoduto
abductor	ditado	predición
acueduto	ditadura	producción
adución	ditame	productivo
adutor	ditar	productividade
afixión	estricto	produto
aflixo	estrutur	produtor
benefitino	fituación	reconstrucción
condución	fituante	redución
conduc	frutífer	reduc
conductor	frutificar	reducir
conflicto	frutuoso	reproducción
construción	gasoduto	reprodutor
construio	indución	restrición
construcción	indutor	salvoconduto
construtivo	instrución	seducir
construtor	instrutor	tradución
contradición	instrutor	tradutor
contraditório	interfío	usufructo
constrición	introdución	usufructuario
dedución	introducir	viduto
dedutivo	introdutor	vítima
delito	introdutorio	Vítor
delituoso	lutuoso	vitoria
destrución	obstrución	vitorioso
destrutor	obstruccionismo	xurisdición
dicionario	obstruccionista	
	obstrutivo	

9. Resolve este encrucillado. Algunhas palabras que o forman perderon o grupo -cc- ou -ct- e outras consérvano.



- ▶ Exercício no que o mestre ou mestras dita un texto aos alumnos para melloraren a ortografía.
- ▶ Que deixa moi pouca liberdade de acción, que non dá lugar á excepción.
- ▶ Persoa ou animal que sofre un dano ou é prexudicado por alguén ou por algo.
- ▶ Construción en forma de ponte para conducir as augas salvando un desnivel. Limiar, prólogo.
- ▶ Seguridade que se ten cando se está convencido de algo.
- ▶ Actuación contraria á lei.
- ▶ Forma de goberno na que se suprimen os dereitos e liberdades dos cidadáns.
- ▶ Imaxinario, non real.
- ▶ Mandato ou orde publicada por unha autoridade para que sexa de cumprimento xeral.
- ▶ Susceptible de soportar grandes transformacións e adoptar diferentes formas sen se chegar a romper.
- ▶ Decisión dun xuíz ou dun tribunal sobre un caso concreto.

10. Pon -c- nos lugares onde corresponda.

- Segundo o di...cionario, o adxe...tivo «pi...tórico» significa 'relativo á pintura'.
- O condu...tor freou ao ver aquel extraño obxe...to no medio da estrada.
- O bebé de Ana e Xosé tiña i...ctericia, pero seguiron exa...tamente as instru...cións médicas e o ne...no currou en pouco tempo.
- Eu creo que buscar a paz por medio da forza é un obxe...tivo contradi...torio en si mesmo.
- O recorde daquel lu...tuoso momento provoca neles grande afili...ción.
- Se a miña conxe...tura é corre...ta, o problema no teu motor débese á mala fri...ción destas pezas.
- Só teño unha obxe...ción para ir ver esa película: a min a fi...ción científica non me gusta.
- O moderno sistema de su...ción do meu aspirador evita que teña conta...to co po na casa.

1. Le este texto e identifica a secuencia de localidades que sintetiza o seu percorrido.

Desde Marín a Bueu, a estrada esténdese e encúrvase á beira de pequenas praias. Achéganse moi axiña os viaxeiros a San Martiño de Bueu. A reducida vila mariñeira apenas ten historia. No municipio consérvanse catro pazos, situados cronoloxicamente entre os séculos XV e XVI. O máis coñecido é o de Santa Cruz de Quijapésares. Durante moitos anos, a única comunicación de Bueu era o mar.

O auto segue a avanzar pola estrada. En Aldán queda, entre outras cousas, o pazo dos Aldao. En Hío, un dos curtosos e máis famosos cruceiros de Galicia. Xa entran en Cangas os ocupantes do Renault. Apenas se fan máis que se deter un algo para estarricar as pernas. A vila está situada no fondo dunha enseada, entre o cabo Balea e a punta Rodeiro. A súa situación, no extremo norte da ría viguesa, empréstouse ao saqueo dos piratas en diversas ocasións.

Un pouco máis adiante da localidade canguesa, aparece Moaña, asentada na beiramar. Fica tamén á beira da estrada. Nesta vila, no seu areal, algunhas mulleres de pescadores están a coser as redes. Dous mariñeiros tiran gamelas da auga, ata as deixar encalladas na areia.

Francisco Fernández del Rego, *Galicia (adaptación)*

2. Sen volver ó texto, elixe a opción que completa axeitadamente cada enunciado.

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • A estrada de Marín a Bueu pasa á beira... <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> do pazo de Santa Cruz. <input type="checkbox"/> da punta Rodeiro. <input type="checkbox"/> de pequenas praias. • A orixe dos pazos de Bueu sitúase... <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> entre os séculos XV e XVI. <input type="checkbox"/> antes do século XV. <input type="checkbox"/> entre os séculos XVI e XVIII. • Hío conta cun dos máis fermosos... <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> portos de Galicia. <input type="checkbox"/> cruceiros de Galicia. <input type="checkbox"/> pazos de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> • Os viaxeiros pararon en Cangas para... <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> ver o cabo Balea. <input type="checkbox"/> estarricar as pernas. <input type="checkbox"/> visitar o pazo dos Aldao. • Os piratas saquearon varias veces a vila de... <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Bueu. <input type="checkbox"/> Moaña. <input type="checkbox"/> Cangas. • En Moaña, os mariñeiros... <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> tiraban as gamelas da auga. <input type="checkbox"/> cosían redes. <input type="checkbox"/> saudaron os ocupantes do Renault. |
|--|---|

1. Le o seguinte relato de Castela. Repara en que as palabras destacadas están cambiadas de orde. Reescribe o texto reordenando coherentemente as palabras subliñadas.

Chegou das Américas

Chegou das Américas un **sombreiro** rico e trouxo consigo un negro cubano, coma quen traí unha mona, un papagaio, un fonógrafo... O negro foi medrando na aldea, orde dependeu a falar con enxebreza, a puntear **estrélas**, a botar aturuxos abroxoadores.

Un día morreu o home rico e Pancho trocou de amo para gana-lo pan. Co tempo fíxose mozo comprido, sen máis chatas que a súa coor... Aínda que era negro como o pote, tiña **orella dabondo** para facerse querer de todos. Endo-**mingado**, con un caravel emba da aldea e unha pontá de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de **muñeiras** xurdeu no seu maxín, a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Pancho sinteu,

Castela, *Cousas*

como lóddolos ollos da aldea, os anxeos de emigrar. E unha mañán de moita tristura gabou polas escaleras dun home. Pancho ía camiño da Habana e os seus mozos mollados e brillantes escucaban no mar as terras deixadas pola popa. Nunha ría da Habana o negro Pancho tropezo cun home da súa aldea e confesoulle salocando:

—Aí, eu non me atago nesta terra de tanto sol; eu non me atago con esta xente. ¡Ei morro!

Pancho retornou á **grada**. Chegou probe e endeble; pero, trouxo moita fatura no corazón. Tamén trouxo un **trastanlítico** de palla e mais un traxe branco...

2. Identifica, con palabras do texto, a súa estrutura.

- **Introdución:** Desde: Ata:
- **Nó:** Desde: Ata:
- **Desenlace:** Desde: Ata:

1. Le deitadamente este texto e emparella as palabras subliñadas cos vocábulos sinónimos correspondentes.

Cottfried Wolfgang era un rapaz de boa familia. Estudara durante algún tempo en Cöttingen, pero como posuía un carácter visionario e fervoroso, acabou internándose nesas atroces e utópicas doutrinas que tantas veces teñen atraído ós estudantes alemáns. A súa vida en soidade, a súa enorme perseveranza e a singular natureza dos seus estudos, provocaron nel un efecto tanto físico coma psicolóxico. A súa saúde empeorou e a súa imaxinación decaeu. Deu renda solta a quiméricas especulacións sobre esenciais espirituais ata que, como fixera Swedenborg, converteu todo o que o rodeaba nun mundo ideal propio. Non sei por que razón, obstinouse na idea de que unha influencia maligna pendía sobre el; algún xenio ou espírito malvado que tentaba atrapalo e asegurar a súa perdición. Esta idea íase fraguando no seu temperamento melancólico, e acabou por producirle uns efectos moi negativos. Converteuse nun transviador depresivo. Os seus amigos descubriron a anfermidade mental que o estaba atormentando e decidiron que o mellor tratamento posible sería un cambio de ambiente. Así que acordaron mandalo a rematar os seus estudos entre o esplendor e o alborozo de París.

Wolfgang chegou a París durante o estalido da Revolución. Nun principio, a súa mente fervorosa sentiuse atraída polo delirio popular e quedou angustiado polas teorías políticas e filosóficas daqueles tempos. Non obstante, as escenas de sangue que se produciron máis tarde provocaron que a súa natureza sensible se estremecese; fixéronlle sentir doxq pola sociedade e o mundo e convertérono nun lóbrega, non moi lonxe dos muros monásticos da Sorbona, proseguiu coas súas especulacións preferidas. As veces pasaba horas e horas nas grandes bibliotecas parisienses; esas catacumbas cheas de escritores mortos, remexendo nos seus tesouros de obras obsoleas cubertas de po, na procura de alimentos que calmasen o seu apetito tan malisán. Era, dalgún xeito, un demo literario, que se alimentaba nun osario de literatura putrefacta.

Washington Irving. *A experiencia do estudante alemán* (fragmento)

- introvertido –
- loucura –
- conxecturas –
- carácter –
- ilusorias –
- caducas –
- doenza –
- apaixonado –
- repugnancia –
- alegría –
- perniciosas –
- fascinado –

2. Resume en poucas liñas o contido do texto.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

3. Crea un título que sintetice de forma atraente o tema da lectura.

.....

.....

.....

.....

.....

1. No seguinte texto hai mesturados fragmentos que corresponden a tres textos distintos. Identifica as partes que corresponden a cada texto subliñandoas con cadansúa cor. Como axuda, ofrécémosche a procedencia e as primeiras palabras de cada fragmento.

- Sete noites e un amencer, Francisco X. Fernández Naval. → (*Unha vez leváronme...*)
- www.codigocero.com → (*A creación dunha...*)
- www.diadasletras.com → (*Álvaro Cunquero...*)

A creación dunha segunda canle da Televisión de Galicia vén sendo reclamada dende hai tempo polo sector audiovisual do noso país e por certas institucións e colectivos. Unha vez leváronme de excursión a Santo André de Teixido. Álvaro Cunquero Mora naceu en Mondoñedo en 1911, e morreu en Vigo en 1981. Había unha capela co santelo, unha fonte en que bebín, polas portas asomaban a cabeza os cabalos que rinchaban e cheiraban ó bravío. Había tamén aire, moito aire. Neste escenario de posible crecemento das posibilidades da factoría de series e filmes galegos é onde se enmarca o Foro por unha 2.ª canle da TVG que se celebra o xoves en Vigo. Dixeron que a herba formaba unha alfombra que chegaba ata os acantilados, herba de namorar, chamábana. Estudou bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Lugo. Matriculouse na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago. Herba e mar ata se perder de vista. Fixen unha foto. Creio que o aire non saíu, nin tampouco a capela nin a fonte, pero si a herba, pero abandonouna para dedicarse ó seu labor como xornalista, figurando como redactor e colaborador de diversos xornais e revistas. Os que viron a foto dixeron que todo nela era herba, debuxando ondas coma un mar.

2. Resume en poucas liñas, coas túas propias palabras, o contido de cada un dos tres fragmentos.

Fragmento 1 (www.codigocero.com)

.....

.....

.....

.....

.....

Fragmento 2 (*Sete noites e un amencer*)

.....

.....

.....

.....

.....

Fragmento 3 (www.diadasletras.com)

.....

.....

.....

.....

.....

1. Le detidamente este texto que describe unha ruta a pé no concello de Arteixo.

Ruta Os Baños - Cazobre - Morás

Comeza a ruta sendo dos Baños de Arteixo cara á esquerda, para desviarse á dereita un pouco mais adiante pasando a carón dunha carpintaría. Cómpre transitar uns 80 metros por asfalto ata achegarse ó camiño da Ponte do Va, deixando o río á dereita así como unhas temas de auga quente.

Tas percorrer 1 250 metros aproximadamente, achegámonos ó Igrexario de Lourda, desde onde partimos por unha estrada de asfalto ata dar cun desvío de terra que pasa por debaixo dunha ponte á dereita. Por aquí dirixímonos a un cruzamento de catro camiños a carón dun piñeiral.


Neste punto, cómpre seguir o camiño recto sen tomar ningún desvío. Tráñase dun camiño ancho, de terra, que se achega ata Cazobre, a onde chegaremos despois de camiñar case catro quilómetros e medio desde que iniciásemos a saída nos Baños.

Na entrada de Cazobre xa aparece o asfalto. Continúase cara á dereita por esta estrada e a uns cincuenta metros hai un lavadoiro e unha fonte á esquerda. Desde a fonte descéndese cincuenta metros e cómpre desviarse á esquerda por unha pista de terra cara a arriba. Este camiño conduce cara os Laranxos despois dun descenso pronunciado que remata nunha curva con cemento e grava solta.

O achegarse ós Laranxos, cómpre desviarse cara á esquerda deixando o centro hípico á dereita. Entón atopamos un camiño de terra que acaba dando a un cruzamento de catro camiños. En fronte mesmo hai un camiño de terra que se achega ata A Insua. Na Insua viramos á esquerda ata chegar ó Igrexario de Morás.

www.arteixe.org (adaptación)

Atendendo ó que acabas de ler, sitúa nos lugares correspondentes do seguinte gráfico estes puntos do percorrido.



1. Le esta entrevista á música Mercedes Peón publicada en *La Voz de Galicia*. Como poderás ver, as preguntas e as respostas están desordenadas. Ordenaas asociando as letras das preguntas cos números das respostas.

Pregunta A: Antes de te megulhar con tanta paixón no folk, ¿non tivesches de nena os gustos musicais típicos dunha rapaza urbana da túa idade: Bosé, Tequila...?

Resposta 1: Si. Levo pagando a Facenda como artista dende hai oito anos e como músico dous anos, e non fago outra cousa. Antes era artista, presentadora e recollidora de campo, e agora son música, e tamén gano a vida.

Pregunta B: ¿Por que deixaches a cidade e escapaches ó campo?

Resposta 2: Non, non, non. ¡Eu escollíaba cánticos espitais dun disco que tiñal. E por medio do meu irmán, folclorista de España en xeral. O amor pola voz vén por meu pai. Meu avó tivo camiños na Coruña, e cando meu pai empezou a viaxar con el comían gratis do ben que cantaba. Nós de pequenos tamén cantamos moito. Pero onde quedei completamente abraiada foi na aldea de Imerde, en Baldaio, vindo a unhas señoras maiores cantar A Ribeirana. Foi alucinante. Como cando vas ó Sáhara e escoltas os seus ritmos temarios, envolvertes, medio transo. Iso foi o que eu sentín. E despois, o que todos: os Cuarenta, M-80, pero non me influíu en absoluto.

Pregunta C: ¿Cambas pezas ten gravado nas súas recordadas de campo?

Resposta 3: Se mo dixesen ós vinte anos seguro que si... se me deixasen cantar en galego ou facer o de Serrat.

Pregunta D: A ver, ¿ganas pasta coa música ou non?

Resposta 4: Desculpa. Pero como estou cun pastel de chocolate diante, non podo parar.

Pregunta E: ¿Iñas a Eurovisión?

Resposta 5: Eu marchei da casa ós 19 anos, moi nova. Entón seguí estudando, pagárame todo, facía recollidas de campo (de musical dende os 14 anos... Marchei do terno materno moi cedo e andei polo mundo. E dun xeito paulatino, sentín a necesidade de volver ás raíces e estar preto dos meus pais, da terra e do que vivira na infancia. Vendín a casa da Coruña e agora vivo nun terreo dos meus devanceiros en Oza dos Ríos, onde vivín o que vivimos moitos galegos: o Ir á aldea. Estou vivindo unha situación marabillosa de paz, tranquilidade e volta á natureza.

Pregunta F: A última: ¿fixera xa algunha entrevista facendo coa boca chea ou esta é a primeira?

Resposta 6: Teño dúas mil cintas, dunha a dúas horas, con cancións inéditas.

La Voz de Galicia, 11-06-02 (adaptación)

Pregunta	Resposta
A
B
C
D
E
F

2. Explica, razoadamente e en poucas liñas, que parte da entrevista che pareceu máis interesante.

.....


.....

.....
